

ACTA NÚM. 2 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE 2013.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do día **trinta e un de xaneiro de 2013**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona Paula Prado del Río.
Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.
Dona María Amelia González Brandariz.
Don José Albino Vázquez Aldrey.
Don José Luís García Bello.
Don Juan José de la Fuente Fuentes.
Dona María Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adrián Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.
Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santias.
Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asisten os concelleiros do grupo municipal do BNG, Don Rubén Cela Díaz, Dona Elvira Cienfuegos López e Don Rafael Xesús Vilar González.

O R D E D O D Í A:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do día 26 de decembro de 2012.**
- 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2012.**

- 3. Aprobación definitiva da modificación puntual do plan especial de protección do patrimonio construído de interese cultural no ámbito coñecido como vivendas de Ramírez.**
- 4. Aprobación inicial da modificación puntual do catálogo do PXOM e do plan especial de patrimonio construído de interese cultural, no ámbito correspondente aos números 108, 110 e 112 da Avda. de Rosalía de Castro.**
- 5. Aprobación definitiva do estudo de detalle no ámbito do quinceiro K do parque empresarial da Sionlla (parcelas K4c01a-K4c01b).**
- 6. Toma de coñecemento da aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal para a ampliación do cemiterio de San Xián de Carballal (equipamento relixioso R.05.1).**
- 7. Aprobación inicial da modificación puntual da normativa urbanística do Plan Xeral de Ordenación Municipal aplicable ás situacións de fóra de ordenación.**
- 8. Proposta de adhesión do Concello de Santiago de Compostela ao Pacto dos Alcaldes (Convenant o Majors).**
- 9. Solicitud de adhesión do Concello de Santiago de Compostela á Asociación Rede de Cidades Intelixentes (RECI).**
- 10. Modificación de acordo plenario do día 26 de decembro de 2012, relativo á integración do persoal de EMUVISSA no Concello.**
- 11. Aprobación inicial da modificación do cadro de persoal para o ano 2012.**
- 12. Modificación orzamentaria para gastos de investimento para a execución de obras incluídas no obradoiro de emprego de Santiago Impulsa.**
- 13. Dar conta de Decreto de prórroga do orzamento do ano 2012 para o 2013.**
- 14. Dar conta de constitución do grupo político do PSdeG-PSOE.**
- 15. Dar conta de persoamentos e sentenzas en recursos contencioso-administrativos.**
- 16. Dar conta de diversas resolucións da Alcaldía sobre nomeamento de concelleira secretaria suplente segunda da Xunta de Goberno, e sobre remisión de documentación ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción 1 de Lugo, relativa ás dilixencias previas 972/2011.**
- 17. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**
- 18. Rogos e preguntas.**

19. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

20. Renuncia ao cargo de concelleira de Dona Paula Prado del Río.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2012.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 26 de decembro de 2012 (acta núm. 26/2012).

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2012.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 27 de decembro de 2012 (acta núm. 27/2012).

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO DE INTERESE CULTURAL NO ÁMBITO COÑECIDO COMO VIVENDAS DE RAMÍREZ.

É explicativo do contido do presente asunto o informe emitido pola xefa de sección de planeamento e xestión urbanística o pasado día 21, que indica literalmente o seguinte:

“O Proxecto de referencia formúlase de oficio polo Concello, a través dos servizos técnicos da Área de Urbanismo, co obxecto de clarificar o réxime das actuacións permitidas no conxunto edificatorio catalogado coñecido como Casas de Ramírez, delimitado polas rúas República Arxentina, San Pedro de Mezonzo, Frei Rosendo Salvado e Ramón Cabanillas.

1. Planeamento vixente

O citado conxunto atópase incluído no Catálogo de Bens culturais do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), coa referencia A-56, como exemplo da arquitectura urbana residencial e cun grao de protección non integral. Na correspondente ficha de Catálogo identifícanse os elementos catalogados –sistema estrutural, fachadas e tratamento exterior, zona verde axardinada e espazos porticados-, remitindo, en canto ás actuacións permitidas, ás que se definen no Plan especial de protección do patrimonio construído de interese cultural do termo municipal de Santiago de Compostela.

O precitado Plan especial, aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Ordenación do territorio e Obras Públicas do 29 de decembro de 1988, establece, na súa ficha nº 72, as determinacións aplicables ao conxunto nos seguintes termos:

* Non admite volume adicional nin utilización dos espazos existentes en planta baixa, semisotos ou sotos.

* Haberán de manterse como conxunto característico da súa época:

- Fachadas e tratamento exterior. Non se permitirá o deterioro do zócalo con novos ocios nos baixos ou semisotos.

- Zona verde axardinada e espazos porticados.

* Quedan prohibidos os cambios de uso existentes na actualidade.

O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) declara aplicable ao conxunto a ordenanza 9 (actuacións unitarias consolidadas), que se contén no artigo 146 da normativa do PXOM. O establecido nesta ordenanza queda, non obstante, modulado pola normativa de protección que se define tanto no Plan especial como no artigo 174 do mesmo PXOM, aplicable aos elementos catalogados de protección non integral.

2. Xustificación da conveniencia da modificación

Na memoria do Proxecto acréditase a conveniencia e oportunidade de abordar a concreción das actuacións permitidas no ámbito, coas seguintes finalidades:

1ª. A preservación e posta en valor do conxunto edificatorio orixinal, tanto na súa concepción formal, como funcional e material, de acordo co proxecto formulado nos anos 50 polo arquitecto Santiago Rey Pedreira.

2ª. Evitar unha interpretación literal ou descontextualizada da norma vixente, que podería devir incompatible cos anteditos obxectivos de protección, ao supoñer unha conxelación dos usos existentes no momento da aprobación do Plan especial, tal e como podería inferirse da dicción literal da ficha (quedan prohibidos os cambios de uso existentes na actualidade).

3ª. Modular a aplicación da Ordenanza 9 en aras da preservación do conxunto edificado na súa concepción orixinal, tanto no que atinxe aos usos permitidos, como no que respecta á distribución do volume edificable.

Para a consecución destes obxectivos, a Modificación parte da análise do proxecto orixinal do conxunto edificatorio, no que se diferencian claramente dous tipos de bloques, nomeados A e B:

A) Nos bloques tipo A -que son os ubicados nas testas de cada un dos quinteiros- dispóñense locais comerciais en planta baixa, con espazos porticados.

B) Nos bloques tipo B -ou intermedios-, se ben foron concibidos na súa orixe como de uso exclusivamente residencial, a diferenza de rasante propiciou, nos bloques de orientación leste, a aparición dunha entreplanta, susceptible de albergar locais de uso comercial.

En todos os bloques, a disposición central da caixa de escaleiras, que artella a súa agrupación, crea entrantes e saíntes na disposición do volume edificable, o que representa unha característica definitoria do conxunto, merecedora de protección. Por tal motivo, o vixente Plan especial prohibe as actuacións de adición de volume que puideran supoñer a desaparición ou a alteración destes espazos na súa configuración orixinal, mais isto non debería impedir a utilización dos locais xa existentes nin a posibilidade de destinalos aos usos para os que foron concibidos.

3. Contido da Modificación proposta

Consonte aos criterios e obxectivos anteriormente sinalados, a Modificación concreta as actuacións permitidas no conxunto, diferenciando os bloques tipo A e tipo B, baixo o criterio de preservar a configuración orixinal e a distribución dos usos para os que foron concibidos, distinguindo para este efecto as zonas de uso residencial e de uso comercial.

A Ordenanza 9 A remite, en canto ás condicións de uso, ás que se sinalen na ordenanza de tipoloxía de ordenación análoga á da actuación de que se trate, que se corresponde neste caso coa ordenanza 4 -edificación aberta-, a cal remite, no que atinxe aos usos, á Ordenanza 2 (artigo 139.4 do PXOM). Nembargante, o réxime de usos que se contén no citado precepto debe ser modulado en consideración ás especiais características que definen a composición orixinal do conxunto catalogado, de xeito que, ademais de admitirse o uso vivenda en planta baixa (nas zonas orixinalmente proxectadas para este uso), a autorización dos restantes usos non residenciais da Ordenanza 4 queda supeditada á condición de que resulten compatibles coa preservación dos elementos catalogados e coa configuración orixinal das unidades de vivenda.

Prohíbense as actuacións de aumento ou adición de volume que puideran supoñer unha alteración da configuración orixinal dos edificios, como por exemplo, o peche ou cubrición de patios para ampliar os locais, ou a unión de varios baixos para formar locais mais grandes.

Os espazos libres existentes arredor da caixa de escaleiras poderán ocuparse unicamente para a instalación de ascensores. Admítese así mesmo a cubrición en cuberta con elementos acristalados sempre que exista un proxecto para a totalidade do ámbito, que garanta o mantemento do carácter unitario do conxunto, nas condicións da Ordenanza 9ª do PXOM.

Mantense a identificación dos elementos catalogados que se contén na correspondente ficha de Catálogo do vixente Plan xeral, e regúlase a posibilidade de alteración dos ocos existentes nas plantas comerciais dos bloques tipo A, sempre que non se afecte aos elementos do sistema estrutural, e previa a aprobación dun estudio de detalle.

4. Tramitación

A Modificación proposta afecta ao contido de concretas determinacións que se conteñen no Plan especial de protección do patrimonio construído de interese cultural do termo municipal de Santiago de Compostela, que fora aprobado definitivamente no ano 1988 pola Consellería de Ordenación do Territorio, de acordo coa normativa urbanística daquela vixente.

O citado Plan especial conserva a súa vixencia só naquelas determinacións ás que expresamente remite o vixente Plan xeral de ordenación municipal, ou outros instrumentos de planeamento en vigor, como ocorre, no presente caso, por expresa remisión do Catálogo do PXOM en canto ás actuacións permitidas no conxunto catalogado.

O Plan especial de protección do patrimonio construído participa da natureza e finalidades asignadas aos Plans especiais de protección polos artigos 68.1 e 69, apartados 1 e 2, da Lei

9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), sendo o seu obxecto a preservación de concretos elementos e valores do patrimonio construído de interese cultural existente no termo municipal.

Polo exposto, a Modificación, en canto afecta a concretas determinacións do Plan especial, de acordo co principio de especialidade aplicable á protección do patrimonio cultural e dentro dos límites que para esta figura de planeamento sinala o artigo 68.4 da LOUG, tramítase a través do procedemento regulado no artigo 86.1 da LOUG para a aprobación dos plans especiais.

Dentro do citado procedemento, non resulta necesaria a avaliación ambiental estratéxica, ao terse declarado expresamente a súa innecesariedade por Decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental de 31 de xullo de 2012.

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 86.1 da LOUG, a Modificación aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno Local o 13 de setembro de 2012 e someteuse a información pública durante o prazo dun mes, con citacións persoal dos propietarios dos inmobles afectados e anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia nº 208 de data 31 de outubro, e nos xornais EL Correo Gallego e La Voz de Galicia do día 26 de outubro de 2012.

Durante o trámite de información pública formulouse unha única alegación, asinada pola Comunidade de Propietarios do edificio nº 5-7 da rúa de Ramón Cabanillas, que solicitan a liberalización dos cambios de configuración interna o de uso de los locales, tanto na planta baixa como nas altas.

A alegación presentada foi obxecto dun informe asinado pola arquitecta da Sección Municipal de Planeamento, no que se analizan en detalle as cuestións alegadas, e do que procede subliñar os seguintes parágrafos:

“O que o plan protexe é a configuración material do conxunto catalogado, pero permite calquera dos usos previstos pola ordenanza xenérica, dun xeito moi flexible, como en calquera outra zona da cidade, sempre que sexa compatible con dita protección, é dicir, que non supoña a alteración substancial do conxunto e dos seus elementos catalogados, como non podía ser de outro modo.

No que atinxe á prohibición de letreiros nos locais comerciais, non existe tal prohibición no documento, polo que non entendemos a que se refire o alegante. Si se prohíbe, como é lóxico, a disposición de toldos e rótulos comerciais nas vivendas, (non así placas indicativas da actividade no portal) do mesmo xeito que se impide a alteración dos ocos e a súa disposición, xa que isto afectaría claramente a elementos especificamente catalogados.

Tampouco se fai mención expresa no documento á prohibición de calquera alteración no interior das vivendas, senón que o que se prohíbe é alterar a súa condición de vivenda e o seu despece orixinal, (sen limitar o uso ao que se destine, sempre que non altere esta configuración) cuestión que parece obvia, por outra banda, xa que a propia combinación da unidade de vivenda para producir pezas maiores é unha das características mais salientables do conxunto catalogado.

O feito de que estas alteracións profundas xa se tiveran producido - de acordo co expresado polo alegante - non pode ser de ningún xeito presentado como argumento para autorizalas na normativa que agora se tramita, que non ten mais obxectivo que clarexar a regulación establecida polo Plan especial, en ningún alterar as determinacións de protección que van implícitas na catalogación do conxunto polo PXOM.

En conclusión, entendemos que o documento de Modificación puntual no ámbito das Casas de Ramírez fai un esforzo por interpretar a norma vixente para flexibilizar as posibilidades de uso e actuación no ámbito dun xeito compatible coa protección e posta en valor do conxunto (...)"

Consta no expediente o informe favorable do director xeral do Patrimonio Cultural, asinado o 8 de xaneiro de 2013.

5. Proposta de resolución

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro. Rexeitar a alegación formulada pola Comunidade de Propietarios do edificio nº 5-7 da rúa de Ramón Cabanillas con base na fundamentación que se contén no informe asinado pola arquitecta municipal.

Segundo. Aprobar definitivamente a Modificación puntual do Plan especial de protección do patrimonio construído no ámbito das Vivendas de Ramírez, segundo o proxecto formulado polos servizos técnicos municipais da Área de Urbanismo, sen modificacións respecto do aprobado inicialmente e sometido a información pública.

O acordo notificarase persoalmente a todos os interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, no que se inserirá así mesmo a normativa urbanística aprobada.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comunicación do acordo de aprobación definitiva, xunto con dous exemplares dilixenciados do documento definitivamente aprobado."

Transcríbese a seguir **o informe técnico da arquitecta-xefa da sección de planeamento, do día 14 de xaneiro**, emitido a raíz da presentación dunha alegación presentada no período de información pública ó que se someteu o documento:

"Durante o período de exposición pública do documento presentouse no Concello unha alegación, que se resume e contesta a continuación:

Alegación presentada por don José García Cumplido, en representación da Comunidade de propietarios do portal nº 5-7 da rúa de Ramón Cabanillas, con data 30 de outubro de 2012 e nº de rexistro 50.120.

Na alegación indícase que o conxunto das Casas de Ramírez foi incluído no catálogo do PXOM, coa referencia A-56, e que o PXOM protexe exclusivamente o sistema estrutural, fachadas e tratamento exterior, zonas verdes axardiñadas e espazos porticados.

Que non se atopa xustificado en dita protección a limitación que suporía non autorizarse o cambio dos usos existentes na actualidade, indicando que moitos locais ou vivendas xa cambiaron o seu uso e que dita limitación suporía un agravio comparativo para os seus titulares, respecto dos que xa o fixeron.

Tamén indica que moitas vivendas foron modificadas na súa configuración interior e solicita que se permita cambiar a súa distribución interior, xa que entende que iso non afecta aos elementos catalogados, polo que non entende xustificada ningunha limitación neste orde.

Entende incomprendible a prohibición de letreiros, sen prexuízo de que se contemple algunha norma de ordenación ou adecuación dos mesmos ao entorno.

Entende tamén que resulta inútil falar da conservación das zonas axardiñadas e das zonas porticadas xa que foron modificadas e non gardan parecido coas orixinais.

Resúmese a alegación solicitando que se limiten as medidas de protección ao estritamente sinalado no Plan xeral, sen que se vexan limitados os cambios de configuración interna ou de usos dos locais en planta baixa nin plantas altas.

Contestación:

En primeiro lugar, compre facer unha matización sobre as determinacións do PXOM respecto ao conxunto catalogado das Casas de Ramírez, determinacións ás que o alegante se refire dun xeito incompleto. Lembramos que o documento en trámite non modifica o contido e determinacións do PXOM, que son de plena aplicación.

É certo que o PXOM cataloga especificamente determinados elementos do conxunto (sistema estrutural, fachadas e tratamento exterior, zona verde axardiñada e espazos porticados) pero a catalogación *específica* deses elementos non implica, loxicamente, levantar a catalogación do propio conxunto a protexer.

O PXOM remite, na ficha A-56, ao Plan especial de protección do patrimonio construído de interese cultural de Santiago de Compostela, no que atinxe as actuacións permitidas, e dicir, o PXOM deriva a este documento o réxime protector aplicable, tanto para o conxunto, como para os elementos especificamente catalogados, que na ficha do PXOM, simplemente, se enumeran.

Supoñer que ao enumerar ditos elementos catalogados o que o PXOM pretende é permitir calquera actuación no ámbito, sempre que se manteña o aspecto exterior ou aparencia destes elementos é unha interpretación claramente errónea do contido do Plan xeral, como se pon de manifesto simplemente coa lectura da ficha de catalogación do PXOM, xa sen entrar en disquisicións de maior calado sobre o que significa protexer e poñer en valor o patrimonio construído de interese cultural.

En segundo lugar, compre sinalar que un dos obxectivos da modificación do Plan especial de protección en trámite é, precisamente, clarexar o contido da regulación, no que se refire a posibilidade do cambio dos usos existentes, e a este tema dedica integramente o apartado 5 da memoria.

No documento faise un esforzo considerable para explicar e fundamentar a interpretación da norma que se propón na modificación, que supón, precisamente, unha maior flexibilización na regulación dos usos respecto da interpretación consolidada na actualidade.

No apartado 3.4, da ficha modificada do PE quedan claros os usos admisibles no conxunto, sen que se faga mención algunha ao mantemento dos usos existentes, como indica o alegante.

O que fai o documento é definir, cales son os usos orixinais, desde o punto de vista tipolóxico e da configuración material do conxunto catalogado, establecendo nun esquema, de acordo co anterior, cales son as zonas de uso comercial e cales as de uso vivenda.

Para a regulación dos usos nestas zonas definidas, o Plan remítese á ordenanza xenérica que - no que atinxe aos usos - é similar ao do resto do Ensanche. A regulación proposta no ámbito de feito, é aínda mais flexible, xa que na regulación de usos no Ensanche prohibese expresamente o uso vivenda en planta baixa, uso que neste ámbito, ademais do resto, si se permite, en atención a súa condición de conxunto catalogado.

O que o plan protexe é a configuración material do conxunto catalogado, pero permite calquera dos usos previstos pola ordenanza xenérica, dun xeito moi flexible, como en calquera outra zona da cidade, sempre que sexa compatible con dita protección, é dicir, que non supoña a alteración substancial do conxunto e dos seus elementos catalogados, como non podía ser de outro modo.

No que atinxe á prohibición de letreiros nos locais comerciais, non existe tal prohibición no documento, polo que non entendemos a que se refire o alegante. Si se prohibe, como é lóxico, a disposición de toldos e rótulos comerciais nas vivendas, (non así placas indicativas da actividade no portal) do mesmo xeito que se impide a alteración dos ocos e a súa disposición, xa que isto afectaría claramente a elementos especificamente catalogados.

Tampouco se fai mención expresa no documento á prohibición de calquera alteración no interior das vivendas, senón que o que se prohibe é alterar a súa condición de vivenda e o seu despece orixinal, (sen limitar o uso ao que se destine, sempre que non altere esta configuración) cuestión que parece obvia, por outra banda, xa que a propia combinación da unidade de vivenda para producir pezas maiores é unha das características mais salientables do conxunto catalogado.

O feito de que estas alteracións profundas xa se tiveran producido - de acordo co expresado polo alegante - non pode ser de ningún xeito presentado como argumento para autorizalas na normativa que agora se tramita, que non ten mais obxectivo que clarexar a regulación establecida polo Plan especial, en ningún alterar as determinacións de protección que van implícitas na catalogación do conxunto polo PXOM.

En conclusión, entendemos que o documento de Modificación puntual no ámbito das Casas de Ramírez fai un esforzo por interpretar a norma vixente para flexibilizar as posibilidades de uso e actuación no ámbito dun xeito compatible coa protección e posta en valor do conxunto, que as propostas están fundamentadas e resultan razoables, tal e como pon de manifesto que solo se presentara unha alegación ao documento logo de ser consultado no prazo de exposición pública, nas dependencias municipais, por boa parte dos afectados.

Considérase que boa parte do que solicita o alegante, nun grao razoable, está xa previsto no documento que se pretende aprobar, sendo o resto de cuestións solicitadas, entendemos, incompatibles coas determinacións que derivan da propia catalogación do conxunto, polo que se propón desestimar a alegación presentada.”

Dona María Pardo avanza que de conformidade co acordado cos grupos socialista e BNG, e aínda que o BNG se tomou a tarde libre, vanse tratar conxuntamente os puntos 3 e o 5.

En canto ao primeiro punto, que é a aprobación definitiva dunha modificación puntual no Plan Especial de Protección do Patrimonio Construído no conxunto catalogado como Casas de Ramírez, indica que o proxecto se formula de oficio polos servizos do Concello, e o seu obxecto é o de clarificar o réxime das actuacións permitidas no conxunto edificatorio delimitado polas rúas República Arxentina, San Pedro de Mezonzo, Frei Rosendo Salvado e Ramón Cabanillas.

Este conxunto atópase incluído no Catálogo de Bens culturais do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), coa referencia A-56, como exemplo da arquitectura urbana residencial e cun grao de protección non integral.

Na correspondente ficha de Catálogo identifícanse os elementos catalogados –sistema estrutural, fachadas e tratamento exterior, zona verde axardinada e espazos porticados-, remitindo, en canto ás actuacións permitidas, ás que se definen no Plan especial de protección do patrimonio construído de interese cultural do termo municipal de Santiago de Compostela.

O citado Plan especial, aprobado definitivamente o 29 de decembro de 1988, prohíbe o cambio dos usos existentes na actualidade, así como a utilización dos espazos libres existentes en planta baixa, soto e semisoto.

A aplicación practica desta norma ten xerado numerosos problemas de interpretación, ata o punto de que os tribunais entenderon que non se poderían autorizar usos distintos dos existentes no momento de aprobación do plan especial.

Por tal motivo, púxose de manifesto a necesidade de clarificar as actuacións permitidas polo Plan Especial sen afectar aos elementos catalogados polo Plan Xeral, e atendendo á finalidade última, que é a protección do conxunto catalogado de acordo coa súa concepción orixinal, segundo o proxecto formulado nos anos 50 polo arquitecto Santiago Rey Pedreira.

A modificación concreta as actuacións permitidas no conxunto, diferenciándose entre os bloques tipo A e tipo B, baixo o criterio de preservar a configuración orixinal e a distribución dos usos para os que foron concebidos, distinguíndose para este efecto as zonas de uso residencial e de uso comercial.

En canto aos usos, ademais de admitirse o de vivenda en planta baixa, a autorización dos restantes usos non residenciais da ordenanza 4 queda condicionada a que resulten compatibles coa preservación dos elementos catalogados, e coa configuración orixinal das unidades de vivenda.

Se prohiben as actuacións de aumento ou adición de volume que puideran supoñer unha alteración da configuración orixinal dos edificios, como por exemplo o peche ou cubrición dos patios para ampliar os locais ou a unión de varios baixos para formar locais máis grandes.

Os espazos libres existentes arredor da caixa de escaleiras poderán ocuparse unicamente para a instalación de ascensores. Admítese así mesmo a cubrición en cuberta con elementos acristalados, sempre que exista un proxecto para a totalidade do ámbito que garanta o mantemento do carácter unitario do conxunto, nas condicións da Ordenanza 9ª do PXOM.

Mantense a identificación dos elementos catalogados que se contén na correspondente ficha de Catálogo do vixente Plan xeral, e regúlase a posibilidade de alteración dos ocos existentes nas plantas comerciais dos bloques tipo A, sempre que non se afecte aos elementos do sistema estrutural, e previa a aprobación dun estudo de detalle.

Esta modificación foi informada favorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio, e somentes houbo unha alegación da comunidade de propietarios do edificio 5-7 Ramón Cabanillas, que foi desestimada, e na que se solicitaban cambios de configuración interna e de uso dos locais, tanto na planta baixa como nas altas. Por outra banda, a modificación-repite a concelleira-, serve para clarificar a situación do réxime de actuacións permitidas, para posibilitar a legalización dos usos que na actualidade están fora de ordenación, e facilitar a instalación de ascensores.

O goberno municipal continúa traballando nesta área, elaborando un estudo de detalle para unificar criterios compositivos das fachadas, dos locais e dos ascensores, que porán en valor estas edificacións.

No tocante ó estudo de detalle das parcelas K4c01a) e b) do Parque Empresarial da Sionlla, di a Sra. Pardo que o proxecto se inicia a instancias da empresa LEROY MERLIN. O obxecto é permitir a futura edificación de dúas parcelas resultantes do proxecto de reparcelación do parque empresarial da Sionlla, aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local con data 18 de outubro de 2012.

A necesidade de formular un estudo de detalle derívase do establecido neste proxecto sectorial do Parque empresarial da Sionlla, aprobado o 7 de xuño de 2007, polo cal todas as parcelas cunha superficie igual ou superior a 10.000 metros cadrados necesitan este Estudo de detalle co obxecto de proceder á ordenación de volumes, ó axuste de rasantes e á ordenación do sobrante de parcela, cos seguintes parámetros que se definen na ordenanza:

O estudo de detalle presentado actúa sobre unha superficie total de 23.842 metros cadrados, na que hai dúas áreas de movemento da edificación, sen superar a ocupación máxima do 50% permitida pola ordenanza. O espazo sobrante, non ocupado pola edificación, adícase a aparcadoiro e circulación interna de vehículos.

A aprobación deste estudo de detalle permite que os interesados poidan solicitar a correspondente licenza de edificación para a construción dun edificio de uso terciario de 21.457,8 m².

O proxecto foi sometido a exposición pública sen que se tiveran formulado alegacións, polo que se procede á súa aprobación definitiva polo pleno, aprobación que anuncia a concelleira que tivo en comisión o voto favorable dos grupos da oposición.

Dona Mercedes Rosón intervén seguidamente, e en relación co punto número 3 anuncia que o voto do grupo municipal socialista vai ser favorable á modificación, entendendo que a mesma serve para regular e formalizar unha situación existente dende fai moitas décadas e que estaba totalmente consolidada, nun conxunto edificatorio orixinal de importante valor patrimonial, obra de Santiago Rey Pedreira, un gran arquitecto coruñés, que foi o máximo representante do racionalismo en Galicia.

Todo este conxunto representa a pegada dunha época da expansión de Santiago, e das políticas en materia de vivenda daquel momento. Todos podemos lembrar as fotografías de finais dos anos 50 e principios dos 60, cando as vivendas do Agro de Ramírez estaban completamente fóra do ámbito urbano, co seu perímetro rodeado de leiras e fincas cultivadas, unha zona moi importante a nivel agrícola e natural, e con moitísima auga.

A modificación que se propón entende a concelleira que regula o uso comercial, recoñecendo unha situación que xa se producía, e por outra banda trata tamén os espazos libres existentes arredor da caixa de escaleiras, que poderán ocuparse unicamente para a instalación de ascensores, solucionando así todos os problemas de accesibilidade que todo este conxunto edificatorio ten, e que se formalizará, tal e como acaba de indicar a Sra. Pardo, a través dun estudo de detalle que está a facer de oficio o departamento de urbanismo.

Entende a Sra. Rosón que a operación supón a continuidade de toda a política que se ven levando a cabo dende fai xa bastantes anos en materia de accesibilidade en edificios. Así, cando se construiu o parking da praza Roxa, executouse o primeiro ascensor no Concello de Santiago para resolver os problemas que se xeneraban nun dos edificios, e no ano 2011 xa se empezaron a conceder licenzas, e estima que neste momento están concedidas, das dezasete comunidades de propietarios, algo así como catro ou cinco licenzas de ascensor para edificio, ó que hai que sumar ós estudos de detalle que tamén se fixeron nos edificios da Avda. de Coimbra, os coñecidos como da aviación civil, nalgúns edificios no barrio de Conxo, nalgúns edificios e comunidades en Vite, e agora, de forma xa importante, en Vista Alegre. A isto tamén axudou a redacción no seu momento da primeira ordenanza de ascensores, substituída recentemente por outra, xa co novo goberno, que incorpora tódalas novidades normativas en materia de accesibilidade, tanto estatais como europeas, que facilitaron moitísimo a incorporación destes elementos resolvendo todos os problemas que padecían as comunidades de veciños.

En definitiva, a concelleira opina que esta é unha boa proposta, merecedora do voto favorable do seu grupo.

No tocante á aprobación definitiva do estudo de detalle no ámbito do quinceiro K do parque empresarial da Sionlla, o voto tamén vai ser positivo, ó entender que este documento é absolutamente imprescindible, e así o di a normativa do proxecto sectorial do parque empresarial da Sionlla que se aprobou pola Xunta de Galicia no ano 2007, e que se incorporou ao noso plan xeral de ordenación municipal, que esixe que para calquera parcela de máis de 10.000 metros cadrados de superficie se teña obrigatoriamente que redactar un estudo de detalle co obxecto de ordear volumes, axustar rasantes e ordear o sobrante da parcela.

Esta parcela, como xa indicou a señora concelleira, ten unha superficie de case 24 mil metros cadrados, e a ordenación que se propón se estima correcta, incluso xa figura no expediente o escrito da xerente de Xestur que acredita a súa conformidade co proxecto de estudio de detalle, e ao que facía referencia o informe xurídico, que era preceptivo para que se aprobara finalmente este instrumento.

Xa que logo, de conformidade cos informes transcritos con anterioridade, a proposta da concelleira-delegada de Urbanismo do día 22 deste mes, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa reunión do día 24 de xaneiro de 2013, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade:

a) Rexeitar a alegación presentada no período de información pública ó que se someteu o acordo de aprobación inicial da modificación, por D. José García Cumplido, en representación da Comunidade de propietarios do portal núm 5-7 da rúa de Ramón Cabanillas, con base na fundamentación contida no informe da arquitecta municipal transcrito máis enriba.

b) Aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan especial de protección do patrimonio construído no ámbito das vivendas de Ramírez, segundo o proxecto formulado polos servizos técnicos municipais da área de Urbanismo, sen modificacións respecto do aprobado inicialmente e sometido á información pública.

O acordo notificarase persoalmente a todos os interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, no que se inserirá así mesmo a normativa urbanística aprobada.

Igualmente remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comunicación do acordo de aprobación definitiva, xunto con dous exemplares dilixenciados do documento definitivamente aprobado.

4. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DO PXOM E DO PLAN ESPECIAL DE PATRIMONIO CONSTRÚIDO DE INTERESE CULTURAL, NO ÁMBITO CORRESPONDENTE AOS NÚMEROS 108, 110 E 112 DA AVDA. DE ROSALÍA DE CASTRO.

Describe polo miúdo o presente asunto o informe técnico e xurídico da sección de planeamento e xestión urbanística, emitido o día 17 de decembro de 2012 co seguinte contido:

“O Proxecto de referencia redáctase polos servizos técnicos da Área de Urbanismo a resultas dunha iniciativa formulada por Inmobiliaria Compostela SA, e ten por obxecto adaptar as fichas de catalogación dos inmobles sinalados cos números 108 e 110 da avenida de Rosalía de Castro, consonte ao informe emitido polo director xeral do Patrimonio cultural. .

1. Planeamento vixente

Os edificios números 108 e 110 da avenida Rosalía de Castro, xunto co 112 da mesma rúa, atópanse incluídos no Catálogo de Bens culturais do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), coa referencia A-21, como exemplo da arquitectura urbana residencial e cun grao de protección non integral. Na correspondente ficha de Catálogo identifícanse os elementos catalogados, remitindo, en canto ás actuacións permitidas, ás que se definen no Plan especial de protección do patrimonio construído de interese cultural do termo municipal de Santiago de Compostela.

O precitado Plan especial, aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 29 de decembro de 1988, establece, na súa ficha nº 55, as determinacións aplicables ao conxunto nos seguintes termos:

1.- Tipo de protección: Ambiental. Nivel 1.

2.- Do Volume adicional: Os que non dispoñen de catro plantas (B+3P) admiten a construción do volume diferencial entre o construído e o permitido.

A articulación do volume citado coa dos edificios existentes realizarase da seguinte forma en cada caso:

- Nº 108: admite a adición dunha planta, na liña da galería existente, solucionada con pano de vidro exterior, con respecto á actual cornixa como elemento diferenciador entre a obra por adicionar e a existente. O novo pano de fachada deberá compoñerse co inferior.

O edificio actual admite, (sobre o panos das dúas plantas inferiores e para mellorala cualitativamente), a introdución de outro oco central e o rachado ata o nivel da beirarrúa do oco - ventá. Esta intervención non suporá en ningún caso a perda do actual espazo da galería, cos seus materiais, sistema de ventás de guillotina e cuarteado.

- Nº 110: admite a adición dunha planta superior, previa demolición da fachada e beirado da planta segunda actual. Os panos exteriores das novas fachadas das dúas plantas superiores disporán de voo idéntico ao da galería lateral (0,60 cm) e se resolverá tipo galería a efectos ambientais do conxunto.

2. Xustificación e contido da modificación

En marzo de 2011, e a resultas dunha información urbanística solicitada por don Enrique Fontán Señarís (LIC 438/2011), o Concello requiriu da Dirección Xeral do Patrimonio cultural informe sobre a viabilidade das seguintes intervencións nos inmobles 108 e 110 da avenida Rosalía de Castro:

1) Derruba da fachada do nº 108 (por atoparse nunha situación de ruína e a unha cota de rasante excesivamente baixa respecto á beirarrúa actual, o cal afecta negativamente á súa accesibilidade) e posterior reconstrución, coas mesmas características compositivas aínda que con menor espesor, e a unha cota mais elevada para facela coincidir coa rasante da vía pública actual.

2) Execución dun único núcleo de escaleiras e ascensor, para resolver as comunicacións verticais de xeito común en ambas as dúas construcións.

3) Execución de novas plantas de soto destinadas a uso de garaxe (con acceso dende a Rúa dos Feáns) cunha configuración de planta libre e diáfana para os dous inmobles, é dicir, sen continuar ou reproducir o muro medianeiro de separación entre as dúas parcelas catalogadas.

O director xeral do Patrimonio Cultural, mediante Resolución de data 5 de outubro de 2011, informou favorablemente as actuacións propostas, segundo os planos de anteproxecto asinados polo arquitecto Pedro de Llano en abril de 2011, sinalando as seguintes condicións:

- Deberán conservarse a totalidade dos elementos de interese da fachada, especialmente os remates de pedra, cornisas, voos da galería e recercado de fiestras.
- Deberán diferenciarse na composición os elementos orixinais dos elementos novos
- Deberá buscarse unha composición de galería harmoniosa e mais homoxénea.
- Procederáse á modificación puntual do Plan especial para adecuar a ficha A-21 do Catálogo de protección á realidade.
- Deberá incoarse o correspondente expediente de ruína sobre aquelas partes da edificación que se pretendan demoler.
- Deberá presentarse un proxecto de control arqueolóxico, previo ao inicio das obras de movemento e remoción de terras.

A resultas da resolución favorable emitida polo director xeral do Patrimonio Cultural, o promotor presentou, para a súa aprobación polo Concello, as fichas modificadas, tanto do Catálogo do Plan xeral (A-21), como do Plan especial do Patrimonio construído (ficha nº 55). Na documentación presentada, ademais de independizar cada un dos edificios catalogados, e reflectir o seu estado actual, procédese a adaptar a concreción dos elementos catalogados e a regulación das actuacións permitidas, en consonancia co informado favorablemente pola Dirección Xeral do Patrimonio cultural. A tal fin, o conxunto de edificacións identificado polo vixente Plan xeral como A-21 se desagrega en dúas fichas:

A-21 A, correspondente ao numero 108.

A-21 B, correspondente aos números 110 e 112.

Así mesmo procédese a descompoñer a ficha nº 55 do Plan especial en dúas, 55 A e 55 B, relativas, respectivamente, aos números 108 e 110-112.

Finalmente, modifícase o plano de ordenación do PXOM (I27) co obxecto de reflectir a referencia ás fichas do Catálogo (A-21 A e A-21B).

En consecuencia, a Modificación ten por obxecto adaptar as determinacións do Catálogo do Plan xeral de ordenación municipal e do Plan especial de protección do patrimonio construído de interese cultural a fin de reflectir o estado actual dos inmobles e as actuacións autorizadas pola Dirección xeral do Patrimonio cultural na súa resolución de 5 de outubro de 2011.

3. Procedemento

A Modificación proposta afecta ao contido de concretas determinacións que se conteñen, tanto no Catálogo do vixente Plan xeral, como no do Plan especial de protección do patrimonio construído de interese cultural do termo municipal de Santiago de Compostela, que fora aprobado definitivamente no ano 1988 pola Consellería de Ordenación do Territorio, de acordo coa normativa urbanística daquela vixente.

Segundo dispón o artigo 75 da LOUG, os Catálogos son instrumentos complementarios dos plans, cuxa función é identificar os elementos protexidos e as actuacións precisas para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación.

O artigo 53.1.f) da LOUG atribúe ao Catálogo a natureza de contido ou determinación necesaria do Plan xeral, polo que, de acordo co esixido polo artigo 93.4 da mesma lei, calquera modificación que afecte ás determinacións do Catálogo haberá de suxeitarse ao procedemento regulado polo artigo 85 para a aprobación do planeamento xeral. No presente caso, ademais, a Modificación afecta tamén ao Catálogo do Plan especial de protección do patrimonio construído, que conserva a súa vixencia só naquelas determinacións ás que expresamente remite o vixente Plan xeral de ordenación municipal, ou outros instrumentos de planeamento en vigor, como ocorre, no presente caso, por expresa remisión do Catálogo do PXOM en canto ás actuacións permitidas no conxunto catalogado.

O Plan especial de protección do patrimonio construído participa da natureza e finalidades asignadas aos Plans especiais de protección polos artigos 68.1 e 69, apartados 1 e 2, da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), sendo o seu obxecto a preservación de concretos elementos e valores do patrimonio construído de interese cultural existente no termo municipal.

Polo exposto, a Modificación que se pretende, en canto afecta a concretas determinacións incorporadas ao Catálogo do Plan xeral, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado polo artigo 85 da LOUG para a aprobación do planeamento xeral.

No presente caso, non resulta preceptivo obter o informe da Consellería con carácter previo á aprobación inicial da Modificación, ao non concorrer ningún dos supostos tipificados ao efecto polo segundo parágrafo do artigo 93.4 da LOUG.

Con data 11 de outubro de 2012, solicitouse da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a declaración de innecesiedade de someter a Modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, polo que a adopción do acordo de aprobación inicial queda

condicionada a que se emita polo órgano ambiental a correspondente Decisión de innecesiedade.

4. Proposta

En consecuencia, proponse ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, e sempre que se declare polo órgano ambiental a non necesidade de avaliación estratéxica:

- **Aprobar inicialmente** a Modificación puntual do Catálogo do Plan xeral de ordenación municipal e do Plan especial de protección do patrimonio construído no que atinxe ás fichas de catalogación dos edificios 108, 110 e 112 da Avenida Rosalía de Castro (referencias A-21 do PXOM e 55 do Plan especial).

- En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente, practicarase citación persoal aos propietarios dos inmobles afectados, segundo figuren no Catastro.

Durante o trámite de información pública solicitarase o informe do director xeral do Patrimonio cultural.

A aprobación inicial da Modificación determina automaticamente, por aplicación do disposto no artigo 77.2 da LOUG, a suspensión do outorgamento de licenzas para todas aquelas actuacións que puideran resultar incompatibles coa nova ordenación proposta. A suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase en todo caso coa aprobación definitiva do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Esta secretaría xeral de Pleno tamén emitiu informe favorable á tramitación do expediente con data do 17 de decembro de 2012.

Tamén emitiu a xefa da sección de planeamento e xestión urbanística un informe complementario con data do 21 de decembro, tamén de 2012, do seguinte teor literal:

“O seguinte informe emítese a resultas das observacións formuladas por D^a Mercedes Rosón e por D. Rubén Cela en relación co expediente de referencia na sesión da Comisión Informativa de Urbanismo do día de onte.

Polos citados concelleiros suscitouse a dubida de se coa Modificación proposta se estaban a habilitar polo planeamento as concretas intervencións que figuran descritas no informe técnico emitido polo arquitecto de Licenzas, as cales se reproducen no informe asinado pola Sección de Planeamento.

Na Comisión informativa clarexouse que o obxecto da Modificación limitábase unicamente a adaptar as fichas de Catálogo dos inmobles afectados nos seguintes termos:

- desagregase a ficha do número 108 da correspondente aos outros dous (110 e 112).
- a concreción dos elementos catalogados axústase ao sinalado na resolución do Director xeral do Patrimonio cultural de data 5 de outubro de 2011.

Na citada resolución -que figura incorporada como anexo ao proxecto de Modificación- conclúese que a perda dos elementos protexidos, como consecuencia da actual situación de ruina dos edificios-, esixe adecuar a ficha de Catálogo a realidade, sinalándose ao efecto as seguintes condicións:

- Haberán de conservarse a totalidade dos elementos de interese da fachada, especialmente os remates de pedra, cornisas, voos da galería e recercado de fiestras.
- Deberán diferenciarse na composición os elementos orixinais dos elementos novos.
- Deberá buscarse unha composición de galería harmoniosa e mais homogénea.
- Deberá incoarse expediente de ruina sobre aquelas partes da edificación que se pretenden demoler.

Efectuando un exame comparativo entre a ficha de Catálogo do vixente PXOM e a que se propón aprobar inicialmente coa Modificación, resulta que ésta supón a **descatalogación** de varios elementos que se atopan protexidos polo plan vixente (sistema estrutural, sistema de comunicación vertical, compartimentación horizontal de plantas e patios interiores, esquema distributivo básico), e que a descatalogación proposta afecta non só ao edificio 108 - respecto do cal xa foi declarada a ruina estrutural-, senón tamén ao 110 -do que non consta a declaración de ruina- e ao 112 (éste último recentemente rehabilitado)

Polo tanto, se ben algunhas das actuacións referenciadas no informe de Licenzas poderían non resultar autorizables co réxime de catalogación do vixente PXOM, sí o poderían ser cando se aproben as novas fichas de Catálogo, en canto limitan a protección aos seguintes elementos:

- no número 108: remates de pedra, cornisa e voo de galería.
- nos números 110 e 112: fachadas en planta baixa e primeira.

En calquera caso, cómpre advertir que a concreta regulación que se establece nas fichas de Catálogo resulta complementada coas restantes determinacións aplicables aos inmobles catalogados de acordo coa normativa do Plan xeral e do Plan especial de protección do patrimonio construído, cuxa avaliación haberá de efectuarse no concreto procedemento de licenzas.”

Dona María Pardo expón que esta modificación se tramita polo Concello a resultas dunha iniciativa formulada polos propietarios dos inmobles afectados, e seguindo instrucións da Dirección Xeral de Patrimonio, que indica ó Concello a necesidade de adaptar as fichas do catálogo do Plan Xeral vixente-ficha A-21-, e do Plan especial de protección do patrimonio

construído de interese cultural -ficha número 55-, a fin de reflectir o estado actual dos inmobles e recoller as actuacións autorizadas pola mesma, á vista do anteproxecto formulado polo arquitecto, D. Pedro de Llano.

Polo tanto, a conveniencia e oportunidade da modificación derivan da necesidade de adecuar a descrición contida nas fichas de catalogación á situación real dos edificios, adaptando a regularización tanto dos elementos catalogados como das actuacións permitidas, todo isto de conformidade cos criterios da Dirección Xeral de Patrimonio, a fin de garantir a reconstrución dos inmobles afectados, xa que ún se atopa en estado de ruína , e outro a piques. Durante o trámite de información pública se solicitará de novo o informe do Director Xeral de Patrimonio Cultural.

Intervén novamente Dona Mercedes Rosón, que adianta que nesta ocasión o voto non vai ser favorable, pois a proposta dende un primeiro momento foi moi confusa. Despois dunha análise pormenorizada dos tres informes que obran no expediente, e de coñecer a zona, a concelleira opina que se está escapando claramente de resolver o tema de conxunto de todo este ámbito, un espazo moi especial e sensible non só polo nivel de catalogación que teñen case a totalidade de todos estes edificios que conforman esta gran fachada que vai dende o nó de Rosalía de Castro con Romero Donallo, Avda. Mestre Mateo, ata o coñecido como calexón de dereito, senon tamén porque é unha zona de contacto co plan especial do Campus Sur. Estase obviando un estudo de detalle aprobado definitivamente polo Concello que ordenaba todo este conxunto, convertendo as traseiras de todos os edificios noutras fachadas, e polo tanto revalorizando motísimo todo o entorno.

O que o goberno municipal fai agora é resolver o problema puntual de tres fincas catastrais, os números 108-110-112, dende un punto de vista patrimonial, porque o que están facendo é descatalogando muros estruturais e algún oco, seguindo ao pé da letra o que di o informe da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta sobre a licenza que no seu momento foi solicitada, cando a visión municipal a través de todos os antecedentes e do estudo de detalle aprobado definitivamente pedía unha solución integral conxunta para toda a mazá.

A proposta que se presenta non constitúe un tema menor, pois determina unha modificación do inventario xeral de Galicia, posto que o catálogo do que se está a falar figura incorporado pola disposición adicional primeira da Lei de Patrimonio de Galicia, e polo tanto, precisará da correspondente resolución da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio, porque aquí do que se trata, e ao que fan referencia os informes xurídico e técnico, é exclusivamente dun proxecto de licenza. Agora tocaralle á Dirección Xeral de Patrimonio informar esta modificación do catálogo, que ten bastante máis transcendencia do que parece, e que ademais, como se trata tamén dunha modificación do PXOM, porque este catálogo é un instrumento de planeamento deste plan, ten que ser finalmente aprobada pola Consellería de Ordenación do Territorio.

Estes tres edificios forman parte de toda unha mazá que sempre se plantexou para ser tratada en conxunto, e este precisamente debería ser o momento de reivindicar unha análise de conxunto en base ao estudo de detalle que foi aprobado no seu momento.

Detrás desta modificación do inventario-catálogo, existe un problema de carácter urbanístico que se está obviando, e que ten que ver coa accesibilidade a todo ese ámbito, porque unha das cousas que ese estudo de detalle plantexaba era todo o tema da

accesibilidade pola parte de atrás. Dende logo -di a concelleira-, para o seu grupo ésta sería a oportunidade para plantexar e resolver a accesibilidade en toda a mazá, pois ten claro que non se modifican os plans de ordenación por iniciativa dos particulares. A lei, cando no seu artigo 94 fala da modificación dos plans, di claramente no seu primeiro punto que calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas, encamiñadas á mellora substancial da ordenación urbanística vixente, ao desconxestonamento urbano, á mellora da articulación dos espazos libres públicos e dos volumes construídos, á eliminación de usos non desexables, ou á incorporación doutros necesarios, á creación de novas dotacións urbanísticas públicas, ou á resolución de problemas de circulación e outros fins públicos.

Nesta modificación que presenta o goberno municipal, non se ve por ningures o interese público, que existiría se con ela se abordasen o conxunto de problemas que se plantexan nesta mazá, porque se circunstanancias como esta se van repetir en cada edificio da mazá, non é de recibo estar modificando constantemente o planeamento cada dous por tres.

O catálogo, tal e como di o informe xurídico que obra no expediente, é un instrumento do PXOM, e esta modificación que se plantexa, tan confusa e farragosa, árbitrase para solventar un problema particular, ó que dende logo non responde o espírito da lei. O interese xeral non preside a modificación, posto que só está a resolver tres casos dunha fachada urbana chea de edificios catalogados. Finalmente, a concelleira tilda a proposta de extrana pirueta, dunha especie de fuxida cara adiante, que o seu grupo asumirá gostosamente se implicará ademais a reorganización e planificación integral de todo o ámbito.

Opón Dona María Pardo que non é pola iniciativa dun particular pola que se corrixe a ficha, senón por indicación da Dirección Xeral de Patrimonio, debido a que hai unhas fichas que non se corresponden coa situación actual dos inmobles, de ruína estrutural, por tanto o que se pretende é a modificación da ficha para permitir unha reconstrución dos edificios a iniciativa dos seus propietarios para uso residencial, tan escaso na zona do plan especial

Non vai entrar ao detalle a concelleira nas actuacións da licenza que se dará posteriormente, posto que agora só é obxecto desta modificación a adecuación destas fichas á situación actual. Despois da delegación de competencias da Xunta de Galicia na comisión asesora do casco histórico, a licenza verase pola ponencia técnica de dita comisión e posteriormente será votada na comisión correspondente, na cal estará presente a Sra. Rosón, e na que poderá facer tódalas consideracións que estime oportunas,

Engade a concelleira que o interese público desta modificación é evidente, pois facilita a rehabilitación de edificios no casco histórico, no perímetro azul, o que é moi necesario, sobre todo cando son destinados a vivenda e non a outro tipo de usos, dos cales hai demasiados.

En canto á actuación na mazá, indica a concelleira que non está exenta de complicacións, pois ten moitísimos veciños e é dunha lonxitude considerable, o que dá idea da dificultade de poñer de acordo a tódolos interesados para facer unha actuación de planeamento que si está proxectada, e que implica unha cesión de terreos pola parte traseira dos edificios para lograr anchar o calexón e facer unha pequena praza nese lugar. Esa actuación de seguro será dilatada no tempo, porque require o acordo veciñal e a vontade de cesión por parte dos propietarios. Non obstante, iso non implica que non se poida hoxe pretender a rehabilitación

de dous edificios nunha rúa tan principal como é Rosalía de Castro. Na comisión de patrimonio despois determinaranse os termos da concesión da correspondente licenza, comisión na que hai un representante da Dirección Xeral de Patrimonio, que foi quen informou e instou ao Concello á modificación das fichas do catálogo para adecualas á situación de ruína estrutural actual dos edificios mencionados.

Responde Dona Mercedes Rosón que todas as cuestións apuntadas pola concelleira de urbanismo eran coñecidas. Un dos edificios está en proceso de declaración de ruína estrutural, o que vai permitir no seu momento que se reconstrúa gardando eses parámetros que indica o informe coñecido da Dirección Xeral de Patrimonio. Tamén sabe que o obxecto fundamental da modificación é a do catálogo e do inventario do PXOM, e engade que o goberno anterior nunca se lle poderá acusar de non querer rehabilitar, de feito nesa fachada se teñen rehabilitado moitos edificios. Non obstante, o que aquí se plantexa é unha das actuacións que permitirían articular e resolver todos os problemas do ámbito, porque aquí xa se ian derrubar no soto os muros estruturais para facer o que se plantexaba nese estudo de detalle, que era entre outras cousas facer garaxes comunitarios para varios edificios. Se iso se contempla aquí, pero non o resto da ordenación do ámbito, estase perdendo unha magnífica oportunidade.

Continúa a concelleira indicando que os procesos de renovación urbana e de rehabilitación son longos e pausados, porque as cidades se van transformando pouco a pouco en función de moitos factores. Santiago é un exemplo en liderar a orde do planeamento que fai posible a transformación, e opina a Sra. Rosón que neste tema o Concello debería aspirar a ordenar completamente o sector, nunha zona tremendamente sensible, a cambio de que os propietarios no futuro cedan o que teñan que ceder, pois van integrarse no campus sur, e se vai transformar urbanamente un ámbito realmente atractivo, e sobre todo que vai a valorizar moitísimo toda a zona.

Insiste a concelleira en que o voto do seu grupo, polas anteditas razóns, será negativo, pois estase a perder unha importante oportunidade, e pregunta que fará a señora concelleira de urbanismo cando dentro dunha temporada haxa outro par de edificios que queiran tamén facer un garaxe comunitario que entre pola parte de atrás cando estea sen resolver a súa ordenación, o que de seguro acontecerá.

De conformidade cos informes emitidos, a proposta da concelleira-delegada de Urbanismo do pasado día 17 de decembro de 2012 e o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa reunión do día 24 de xaneiro de 2013, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 9 en contra, dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo tanto co voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros:

a) Aprobar inicialmente a modificación puntual do Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal e do Plan Especial de Protección do patrimonio construído no que atinxe ás fichas de catalogación dos edificios 108, 110 e 112 da Avenida Rosalía de Castro desta cidade (referencias A-21 do PXOM e 55 do Plan Especial).

b) Someter o acordo a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia, e en dous xornais

dos de maior difusión na provincia, e citación persoal ós propietarios dos inmobles afectados, segundo figuren no Catastro. Durante o citado período, o expediente estará a disposición de calquera persoa que desexe examinalo ao obxecto da presentación das alegacións que se estimen pertinentes.

c) Durante o mesmo prazo da información pública, solicitarase informe do Director Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, que haberá de pronunciarse expresamente sobre a proposta de supresión de elementos catalogados polo vixente PXOM, e se a mesma se atopa ou non condicionada á previa declaración de ruína dos inmobles afectados.

O presente acordo determina automaticamente, por aplicación do disposto no artigo 77.2 da LOUG, a suspensión do outorgamento das licenzas para todas aquelas actuacións que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de dous anos, contado dende a aprobación inicial, e extinguirse en todo caso coa aprobación definitiva do planeamento

5. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE NO ÁMBITO DO QUINTEIRO K DO PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA (PARCELAS K4C01A-K4C01B).

O informe da sección municipal de planeamento do día 18 deste mes en relación co presente asunto indica o seguinte:

“1. Obxecto do Estudo de detalle

O proxecto de referencia fórmase por iniciativa particular de INMOBILIARIA LEROY MERLIN S.L.U. co obxecto de concretar a ordenación do volume edificable no ámbito das parcelas K4c01a – K4c01b, resultantes do Proxecto de reparcelación do parque empresarial da Sionlla, que foi aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local con data 18 de outubro de 2012.

A necesidade de formular o Estudo de detalle dérase do establecido na normativa do Proxecto sectorial do Parque empresarial da Sionlla, aprobado o 7 de xuño de 2007 polo Consello da Xunta de Galicia, e incorporado ao Plan xeral de ordenación municipal a través da súa disposición final 11ª. A ordenanza 4 (edificación exenta) do citado Proxecto sectorial esixe, nas parcelas con superficie igual ou superior a 10.000 m², a redacción dun Estudo de detalle co obxecto de producir a ordenación de volumes, o axuste de rasantes e a ordenación do sobrante de parcela, con suxeición aos seguintes parámetros (apartado 4.3.4 da normativa do Proxecto sectorial):

Área de movemento da edificación: será a resultante dos recuamentos mínimos obrigatorios.

A ordenanza 4 sinala un recuamento mínimo obrigatorio, a todos os lindes de parcela, de 10 metros.

Superficie máxima edificable: A que resulte da respectiva ordenanza de aplicación, resultando un índice máximo de 0,9 para a ordenanza 4.

Altura: A altura máxima permitida na ordenanza 4 é de 12 metros (B+3), se ben o Estudo de detalle poderá xustificar alturas maiores en función das esixencias dos procesos produtivos.

Ocupación máxima: No ámbito de aplicación da ordenanza 4, sinálase unha ocupación máxima do 50% da parcela.

O Estudo de detalle presentado actúa sobre unha superficie total de 23.842 m², na que se definen dúas áreas de movemento da edificación, sen superar a ocupación máxima do 50% permitida pola ordenanza, e destinando o sobrante, non ocupado pola edificación, a aparcadoiro e circulación interna de vehículos. Polo que atinxe á altura da edificación, e segundo se analiza no informe da arquitecta municipal, propónse unha altura máxima nos puntos medios de cada tramo de 12 metros, respecto da rúa de influencia, escalonando os tramos de xeito que nos extremos as diferenzas de altura debidas a pendente da rúa non superan os 13,20 metros.

A edificación non poderá superar a superficie construída de 21.457,8 m²c, de acordo co índice máximo sinalado pola ordenanza 4 (0,9), sendo aplicables os criterios de medición e cómputo establecidos polo artigo 46.6.a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

2. Tramitación

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 86.2 da LOUG, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno Local o 25 de outubro de 2012 e someteuse a información pública durante o prazo de vinte días, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia nº 238 do día 14 de decembro e no xornal El Correo Gallego da mesma data.

Durante o trámite de información pública non se formularon alegacións.

Con carácter previo á aprobación inicial, o Estudo de detalle recibiu o informe favorable da arquitecta da Sección Municipal de Planeamento.

O acordo de aprobación inicial condicionou a aprobación definitiva do Estudo de detalle á previa acreditación pola promotora da súa titularidade sobre as parcelas obxecto de ordenación, a fin de dar cumprimento ao esixido polo artigo 74.c) da LOUG, que esixe para todos os plans de iniciativa particular a obrigatoriedade de acreditar a conformidade dos propietarios que representen o 50% da superficie obxecto de ordenación. Como queira que a titularidade dos terreos afectados pertence actualmente a XESTUR, e a sociedade promotora do Estudo de detalle ten formalizado coa citada empresa pública un compromiso privado de compravenda, pendente de execución, a aprobación do expediente queda condicionada a que se achegue escrito da Xerente de XESTUR que acredite a súa conformidade coa aprobación do Estudo de detalle, promovido por LEROY MERLIN.

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Aprobar definitivamente o Estudo de detalle promovido por INMOBILIARIA LEROY MERLIN S.L.U., no ámbito do quinteiro K do parque empresarial da Sionlla (parcelas K4c01a – K4c01b), sen modificacións respecto do inicialmente aprobado e sometido a exposición pública.

O acordo notificarase persoalmente a todos os interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, no que se inserirá así mesmo a normativa urbanística aprobada.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comunicación do acordo de aprobación definitiva, xunto con dous exemplares dilixenciados do documento definitivamente aprobado.”

Tal e como se indica no informe transcrito, con carácter previo á aprobación inicial, o Estudo de Detalle recibiu o informe favorable da arquitecta da sección municipal de planeamento.

Por outra banda, queda acreditada no expediente a conformidade da Xerente de XESTUR, titular dos terreos afectados, coa aprobación do Estudo de Detalle.

Xa que logo, de conformidade cos informes emitidos, ós que se fixo mención, a proposta da concelleira-delegada de Urbanismo do pasado día 22 e o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa reunión do día 24 de xaneiro de 2013, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade aprobar definitivamente o Estudo de Detalle promovido por INMOBILIARIA LEROY MERLIN S.L.U., no ámbito do quinteiro K do parque empresarial da Sionlla (parcelas K4c01a-K4c01b), sen modificacións respecto do inicialmente aprobado e sometido a exposición pública.

O presente acordo acordado notificarase persoalmente a todos os interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, no que se inserirá así mesmo a normativa urbanística aprobada.

Igualmente remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comunicación do acordo de aprobación definitiva, xunto con dous exemplares dilixenciados do documento definitivamente aprobado.

6. TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO DE SAN XIÁN DE CARBALLAL (EQUIPAMENTO RELIXIOSO R.05.1).

De conformidade coa proposta da concelleira-delegada de Urbanismo e o ditame favorable da Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa sesión do pasado día 24, o Pleno da Corporación toma coñecemento da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 26 de decembro de 2012, publicada no Diario Oficial de Galicia o día 11 de xaneiro de 2013, pola que se aproba definitivamente a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Santiago de Compostela para a ampliación do cemiterio de San Xián de Carballal.

Igualmente o Pleno da Corporación toma coñecemento da publicación da normativa urbanística definitivamente aprobada, no Boletín Oficial da Provincia número 18, de data 25 de xaneiro de 2013, o que determina a súa entrada en vigor de conformidade co disposto nos artigos 90.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

7. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA NORMATIVA URBANÍSTICA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL APLICABLE ÁS SITUACIÓNS DE FÓRA DE ORDENACIÓN.

A xefa da sección municipal de planeamento e xestión urbanística emitiu o seguinte informe, con data do 21 deste mes, sobre o asunto referenciado:

“1. Obxecto e ámbito da Modificación

O proxecto de referencia formúlase de oficio polo Concello de Santiago, a través dos servizos técnicos da Área de Urbanismo, co obxecto de modificar a normativa urbanística do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no que atinxe ao réxime aplicable ás situacións de fóra de ordenación, que se contén no Capítulo IX (artigos 218, 219 e 220) do citado documento.

A modificación afecta tamén á redacción do artigo 109.2.d) -relativo á autorización do uso comercial nos locais construídos con anterioridade á entrada en vigor do Plan xeral de 1989-, así como á do artigo 124.1, en canto se refire ás actuacións de ampliación en edificios existentes que se atopan en situación de fóra de ordenación.

A modificación tamén vai afectar, de forma indirecta ou transversal, a outras disposicións do planeamento vixente que poidan devir contraditorias co réxime proposto neste documento para as situacións de fóra de ordenación, motivo polo que se establece a prevalencia da nova regulación proposta dentro do Capítulo IX, coas seguintes excepcións:

- a) Os inmobles protexidos ou catalogados, que se regularán pola respectiva normativa de protección.
- b) Os inmobles incluídos no ámbito de aplicación do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1), que se rexerán polas disposicións establecidas no citado documento.
- c) As edificacións construídas en solo rústico ao abeiro de licenza urbanística ou da preceptiva autorización autonómica, que quedarán suxeitas ao réxime establecido pola disposición transitoria cuarta da LOUG, e polas respectivas ordenanzas de aplicación do vixente Plan xeral.
- d) As edificacións construídas en solo urbanizable non delimitado (SUND), ao abeiro de licenza urbanística ou da preceptiva autorización autonómica, que quedarán suxeitas, mentres non se aprobe o correspondente Plan de sectorización, ao mesmo réxime establecido para o solo rústico, consonte ao disposto polo artigo 21.4 da LOUG.

2. Xustificación da legalidade e conveniencia da Modificación

Na Memoria do documento descríbense os motivos de interese público que xustifican a necesidade e oportunidade de abordar a Modificación do planeamento vixente, consonte ao esixido polo artigo 94 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

Os motivos sinalados poden sintetizarse nos seguintes puntos:

1. O artigo 103.2 da LOUG, logo da reforma operada pola Lei 2/2010, atribúe ao planeamento a labor de diferenciar os distintos supostos que integran o réxime legal de fóra de ordenación e os seus efectos en canto ás actuacións permitidas, o que supón unha deslegalización do réxime aplicable, ao remitirse ao planificador a tarefa de regular as distintas actuacións permitidas de forma proporcionada ao respectivo grao de incompatibilidade ou desconformidade apreciado polo planeamento.

2. A precitada Lei 2/2010 asimila á situación de fóra de ordenación as edificacións ilegais - unha vez que teña caducado o prazo legalmente establecido para as accións de reposición da legalidade urbanística-, polo que é preciso integrar estas construcións no réxime de fóra de ordenación, na situación que para o efecto se defina polo planeamento.

3. O actual contexto social e económico, no que se está a producir unha **ralentización** nos procesos de execución do planeamento urbanístico, demanda o artellamento dun réxime transitorio que evite situacións de abandono ou decadencia das instalacións xa existentes, permitindo aos seus propietarios unha utilización axeitada nas mellores condicións de funcionalidade e seguridade, e coas debidas garantías para o interese xeral. Esta necesidade maniféstase de xeito particular nas edificacións existentes en ámbitos que non dispoñen aínda do seu planeamento mais detallado, situación que pode prolongarse indefinidamente no tempo, prexudicando así a edificacións que logo poderían resultar plenamente compatibles coa ordenación pormenorizada da parcela afectada.

3. Descrición da nova ordenación proposta

No apartado 6 da Memoria do documento descríbese, en liñas xerais, o novo réxime aplicable ás situacións de fóra de ordenación, que se concreta nunha nova redacción dos artigos 218, 219 e 220, así como na reforma puntual dos artigos 109.2.d) e 124.1.

A nova redacción dos artigos afectados contéñense no epígrafe III do documento.

O réxime proposto para as edificacións existentes que debeñen incompatibles ou desconformes co planeamento parte de diferenciar tres graos ou situacións:

1. Situación integral ou estricta, aplicable ás edificacións que ocupan, en todo ou en parte, solo destinado polo Plan xeral ao dominio público (viais, zonas libres, equipamentos).

Nesta situación admítense as obras de mera conservación en todo caso, así como as de rehabilitación e consolidación con suxeición a determinados requisitos e garantías, que

levan aparelhada a renuncia do seu titular a percibir indemnización polo incremento de valor que puidera derivarse nas futuras actuacións de obtención dos bens e dereitos afectados.

O réxime estrito aplícase tamén ás edificacións construídas **sen licenza**, así como a aquelas outras que resulten incompatibles con determinacións estruturantes ou vinculantes do Plan xeral, non susceptibles de alteración ou reaxuste no planeamento de desenvolvemento.

2. Situación transitoria ou diferida, aplicable ás edificacións que se ubican en ámbitos cuxa ordenación detallada se remite polo Plan xeral a un ulterior instrumento de planeamento (plan parcial ou plan especial). As situadas en solo urbanizable non delimitado (SUND) quedan suxeitas, en tanto non se aprobe o plan de sectorización, ao réxime do solo rústico, de acordo co disposto polo artigo 21.4 da LOUG.

Nesta situación transitoria, ao non ser posible avaliar o grado de compatibilidade ou desconformidade da edificación mentres non se aprobe o plan que defina a súa ordenación pormenorizada, permítense, ademais das obras autorizadas na situación estrita e con suxeición aos mesmos requisitos e limitacións, pequenas ampliacións de ata un 10%, sempre que non conleven modificación substancial da configuración orixinal da edificación nin das súas unidades funcionais.

3. Situación desconforme, aplicable a aquelas edificacións que non resultan radicalmente incompatibles co planeamento, de xeito que este non prevé a súa desaparición, senón que presentan determinados elementos ou parámetros desconformes coa respectiva ordenanza de aplicación (altura, fondo, recuamentos, ocupación máxima, etc.)

Nesta situación permítense todas as actuacións que resulten abeiradas pola respectiva ordenanza de aplicación, incluídas as de ampliación ata acadar os parámetros da ordenanza.

As edificacións que foran construídas sen licenza quedan incursas na situación integral ou estrita, coa particularidade de que en ningún caso se autorizan as obras de rehabilitación, permitíndose unicamente as de mera conservación e de consolidación.

A aplicación do réxime estrito de fóra de ordenación a todas as edificacións construídas sen licenza determina a necesidade de que, en calquera procedemento de autorización de obras de ampliación e rehabilitación que afecte a edificacións existentes, se comprobe polos servizos técnicos municipais a legalidade orixinaria da construción, co obxecto de precisar a aplicación do réxime que corresponda. Para este efecto engádesse no artigo 220 unha disposición específica que regula a forma de acreditar a licitude orixinaria das edificacións existentes, mediante a correspondente licenza urbanística. Porén, exímese desta acreditación ás edificacións existentes no momento da aprobación do Plan xeral de 1989, segundo a cartografía oficial municipal do ano 1988 ou calquera outra proba que puidera achegar o interesado.

Polo que atinxe ao artigo 109.2.d), clarifícase a súa redacción co obxecto de solventar as dúbidas que ten suscitado a súa interpretación, no senso de eximir aos locais construídos xa existentes con anterioridade á aprobación do PXOU de 1989 da obriga de cumprir os requisitos de altura mínima establecidos no citado artigo, sempre e cando se adapten á normativa sectorial reguladora da actividade. Esta interpretación resulta coherente coa doutrina xurisprudencial existente na materia, favorable á utilización económica das

instalacións xa existentes, aínda que se atopen en situación de fóra de ordenación, cando cumpren os requirimentos da lexislación que regula a actividade.

4. Tramitación

De conformidade co disposto polo artigo 93.4 da LOUG, a Modificación deberá tramitarse seguindo o mesmo procedemento regulado no artigo 85 para a aprobación do planeamento xeral.

No presente caso, ao non concorrer ningún dos supostos de modificación cualificada tipificados polo segundo parágrafo do precitado artigo 93.4, non resulta preceptivo obter o informe da Consellería de Medio Ambiente con carácter previo á adopción do acordo de aprobación inicial, de maneira que a administración autonómica só intervéñen no acto de aprobación definitiva do expediente.

Tampouco resulta preciso someter a Modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ao terse declarado a súa innecesariedade mediante Decisión do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 8 de agosto de 2012.

5. Proposta de aprobación inicial

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Medio Ambiente, adoptar o seguinte **ACORDO**:

a) Aprobar inicialmente a Modificación puntual da normativa urbanística do Plan xeral de ordenación municipal, no que atinxe ao réxime de FÓRA DE ORDENACIÓN (capítulo IX - artigos 218, 219 e 220- e 124.1), así como á redacción do artigo 109.2.d), segundo o proxecto formulado polo Concello de Santiago a través dos servizos técnicos da Área de Urbanismo.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e, punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente outorgarase audiencia aos municipios limítrofes.

c) A aprobación inicial determina automaticamente, por aplicación do disposto polo artigo 77.2 da LOUG, a suspensión do outorgamento das licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de dous anos, contado dende a aprobación inicial.”

Tamén emitiu informe favorable esta secretaría xeral de Plenos con data do 22 de xaneiro deste ano.

Explica a Sra. Pardo que o proxecto se formula de oficio polo Concello a través dos servizos técnicos da Área de Urbanismo, co obxecto de modificar a normativa urbanística do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no que atinxe ao réxime aplicable ás situacións de fóra de ordenación.

En concreto afecta a dous artigos, o primeiro deles o 109.2.d) -relativo á autorización do uso comercial nos locais construídos con anterioridade á entrada en vigor do Plan xeral de 1989-, no cal o goberno pretende clarificar a súa redacción solventando as dúbidas xeradas pola actual, no senso de eximir aos locais existentes no momento de aprobación do Plan Xeral dos requisitos de alturas establecidos polos de nova creación, sempre que cumpran cos requisitos esixidos pola normativa sectorial de seguridade de aplicación. Desvincúlase, polo tanto o uso comercial, da altura e da superficie do local, dependendo únicamente desta normativa de seguridade e saúde aplicable ao uso comercial.

Deste xeito, a redacción do artigo queda como segue: “Non obstante, os locais construídos con anterioridade á entrada en vigor do Plan Xeral de 1989 poderán destinarse a uso comercial aínda cando non cumpran os requisitos de altura establecidos polo presente artigo, sempre que se adapten ás condicións esixidas pola regulación sobre seguridade e saúde no traballo, ó regulamento de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas e demais normativa de aplicación”.

A segunda modificación -engade a concelleira- afecta ao artigo 124.1 do Plan Xeral, que se refire a actuacións de ampliación en edificios existentes que se atopan en situación de fóra de ordenación. Esta modificación será de aplicación, agás nos inmobles protexidos e catalogados, aos inmobles incluídos no ámbito de aplicación do Plan Especial da Cidade Histórica, Plan Especial 1, e ás edificacións construídas en solo rústico e en solo urbano non delimitado ao abeiro da licenza urbanística ou da preceptiva autorización autonómica.

A seguir, pasa a concelleira a detallar polo miúdo a nova ordenación proposta, que é a seguinte: en primeiro lugar, aplícase un réxime máis restritivo ás edificacións que ocupan en todo ou en parte solo afecto a dotacións públicas do sistema xeral ou local, na medida en que o planeamento impón a súa extinción ou desaparición a través dos distintos procedementos de obtención do solo dotacional. Poderanse autorizar neles, ademais das obras de mera conservación, actuacións de rehabilitación e consolidación que permitan as melloras das actuais condicións de funcionalidade, se ben as actuacións que excedan da mera conservación só se permitirán previa renuncia do interesado a percibir a indemnización polo incremento de valor que puidera derivarse no procedemento de obtención de solo afectado.

Este réxime estrito aplícase tamén ás edificacións que resulten incompatibles coas determinacións estruturais do plan xeral non susceptibles de modificación ou reaxustes a través do planeamento de desenvolvemento, así como as que foran construídas sen licenza.

Un segundo réxime, que se chamará diferido ou transitorio, prevese para as edificacións emprazadas en ámbitos cuxa ordenación detallada se atopa remitida a unha ulterior figura de planeamento -un plan parcial ou especial- e que impide concretar se a edificación existente

vai resultar ou non compatible coas determinacións estruturais do mesmo plan xeral vinculantes para o planeamento de desenvolvemento, suposto no que se procedería á aplicación do réxime máis estrito.

Esta situación transitoria, que pode prolongarse incluso de forma indefinida, permitiría obras puntuais de ampliación nun 10%, con suxeición a determinados límites e condicións, e sempre renunciando tamén ao incremento de valor no rexistro da propiedade por nota marxinal.

E por último, en terceiro lugar estaría o denominado réxime disconforme, que fai referencia unha situación de mera disconformidade con determinados parámetros establecidos pola nova ordenación, (altura, fondo, ocupación, rasante....), a cal non pretende a desaparición do inmovible ou edificación existente, polo que resultaría desproporcionado impedir a súa optimización ou mellor aproveitamento dentro dos límites que permite a respectiva ordenanza de aplicación polo lugar no que se atope a edificación.

Nesta situación permítense actuacións de ampliación ou incremento de volume ata cumprir os parámetros da ordenanza.

Por último, téntase abordar o réxime aplicable ás edificacións e instalacións clandestinas ou ilegais, que o artigo 210 da LOUG asimila ás incluídas en situación de fóra de ordenación, unha vez que está rematado o prazo para a adopción de medidas de restauración da legalidade urbanística.

O tratamento destas edificacións suscita problemas que levan a veces á dificultade de decidir se son legais ou non, porque había un momento en que non se necesitaba licenza para construílas, co cal todas aquelas anteriores ao plan xeral do 89 se entende que son legais se constan no catálogo ou ficha catastral que ten o Concello.

Establécese unha disposición específica para estas edificacións a fin de acreditar a legalidade, distinguindo entre edificacións que existían ou non no momento da aprobación do citado plan, as construídas sen licenza, que eran asimiladas á situación de fora ordenación estrita ou integral, coa particularidade de que só se autorizarán naquelas determinadas obras de conservación e consolidación, excluíndose expresamente a rehabilitación das mesmas.

Engade a concelleira que o caso da segunda regulación -as difusas-, se aplica a dezasete solos, entre eles Mallou, Cancelas, Amio, ou Moas de Abaixo, así como os PERIS de Outeiro, Marantes ou San Marcos, co cal, habida conta de que dada situación actual do Plan Xeral, o desenvolvemento destes solos vai para longo, se permite unha optimización e un mellor uso das propiedades privadas por parte dos seus propietarios.

Intervén seguidamente Dona Mercedes Rosón, que indica que unha sentenza do Tribunal Constitucional anulou da Lei do Solo estatal do ano 1992 ún dos artigos relativo ó réxime de fóra de ordenación, ratificando a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia na regulación do mesmo. De feito, o réxime ven regulado no artigo 103 da lei galega, (modificado polo goberno popular na pasada lexislatura coa aprobación da Lei do ano 2010), que define perfectamente cales son os reximes de fóra de ordenación no noso territorio.

E o que plantexa o goberno municipal coa modificación que hoxe se presenta para aprobación é o que a Sra. Rosón tilda como un exercicio arriscado de vulneración do réxime plasmado na lexislación urbanística galega, en primeiro lugar porque se está acuñando unha categoría non prevista na mesma, denominada pola Sra. Pardo como “transitoria” ou “diferida”, o que non é máis ca un invento que en opinión da Sra. Rosón vulnera o réxime previsto para as edificacións en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións do planeamento, o que o goberno denomina “fóra de ordenación integral ou estrita”.

No que atinxe a este réxime, a lexislación avoca á inclusión na categoría non só dos edificios que están afectados polo viario ou as reservas dotacionais públicas, senón tamén as edificacións comprendidas nos ámbitos do solo urbano non consolidado, e do urbanizable delimitado onde estean prohibidas as obras ou instalacións en tanto non se desenvolva o planeamento de desenvolvemento, solos para os que o goberno inventa este réxime transitorio ou diferido, que para a concelleira carece por completo de sustento legal.

Respecto a súa regulación, a lexislación é taxativa, e así di o artigo 103 no seu punto segundo, que nas construcións e edificacións que queden en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións do novo planeamento, só se poderán autorizar obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente.

Repíte a concelleira que, en consecuencia, a autorización xenérica e condicionada de obras de rehabilitación e consolidación carece de fundamentación na lei.

Por outra banda, a incorporación ao texto proposto da condición de renuncia á indemnización polo incremento do valor derivado das obras provisionais, normativamente ten tanta vixencia temporal, como vixencia ten o plan xeral de ordenación municipal, que é indefinida en tanto en canto non se revise ou non se modifique. En consecuencia, non cabe limitar temporalmente a quince anos a vixencia de renuncia á revalorización derivada dunhas obras que non poden concluír, pois xa existiría un claro incremento dos seus valores de expropiación.

No que se refire á situación transitoria ou diferida, acuñada tan creativamente pola concelleira de urbanismo na súa proposta, indica a Sra. Rosón que os solos ós que afecta están pendentes de planeamento de desenvolvemento, e pertencen ao ámbito do réxime de fóra de ordenación total, por total incompatibilidade coas determinacións do novo planeamento.

E no que atinxe ás actuacións permitidas, as excedidas de conservación e mantemento previstas para o fóra de ordenamento total, que a lei tamén chama integral, sométense a condicionalidade da súa non indemnización, e esa extravagancia que se introduce polo goberno con esa limitación temporal a quince anos choca frontalmente co sinalado pola lexislación aplicable. Neste caso ademais incorpórase a posibilidade de ampliación das edificacións nun volume non recoñecido na regulación urbanística do Plan Xeral de Ordenación Municipal, acudindo a numerosos conceptos xurídicos indeterminados, e así se fala de “non modificación substancial”, que non se sabe o que é, ou da “configuración orixinal”, que tampouco. O que sí se sabe é que da regulación urbanística do solo

urbanizable non consolidado, remitida aos PERIS, e do urbanizable delimitado, remitida a plans parciais, non se conclúe determinación algunha que dea cobertura a semellantes ampliacións volumétricas. Enténdese así o significado da preferente aplicación do capítulo 9, obxecto desta modificación, sobre calquera outra disposición nos preceptos do plan xeral, que apunta a unha reserva de dispensación do cumprimento da normativa do plan xeral establecida dende o réxime de fóra de ordenación, que por natureza ten un alcance concreto e determinado establecido na lei urbanística.

En definitiva, o que o goberno está facendo é unha especie de xogo de máns, pretendendo excepciónar o de obrigado cumprimento do réxime urbanístico derivado da lei dos solos e do plan xeral que os desenvolve.

En conclusión, toda esta operación, dende logo, adoece dunha inconsistencia normativa que incorpora elementos de inseguridade xurídica e de vulneración dun réxime que está asentado na lexislación de forma moi clara. Así, a Lei do Solo de Galicia é nidia no relativo ao réxime de fóra de ordenación, por certo cunhas marxes moi taxadas de adecuación ás diferentes situacións que se dan, e cun nivel de matiz que non teñen outras lexislacións autonómicas.

Opina entón a concelleira que debéramos conducir os nosos esforzos a impulsar dentro do legislativo galego, porque é alí onde se vai a discutir isto, no Parlamento, a parcial modificación da Lei, reiteradamente presente en sucesivas leis de acompañamento dos orzamentos, e non meter ó Concello nun longo proceso de tramitación xerador de falsas expectativas, e de moi incerta materialización, porque ten moi claro que vai ser moi complicado defender o documento que hoxe o goberno municipal quere aprobar.

Prosegue afirmando que iniciativas deste tipo ilustran reiteradamente unha práctica de desvalorización da planificación urbanística. Ao fío do asunto anterior, supón a concelleira que alguén analizaría cal será o impacto que terá sobre o futuro da calidade da dotación comercial da cidade a inversión dos termos da regulación do plan xeral, e da tolerancia a respecto doutros locais comerciais existentes con anterioridade ao Plan Xeral do ano 89, nunha xenérica autorización do uso comercial en calquera local. Non entende a Sra. Rosón o que para o goberno significa este termo, porque xa non se fala de local comercial, senon de calquera local, de feito que agora a referencia é para calquera local anterior a esa data, con independencia da súa altura edificada e que aparece no medio desta modificación sen xustificación algunha.

En conclusión, a concelleira afirma que o voto do grupo socialista non pode ser favorable á proposta, dado que non radica nesta instancia municipal a solución dun debate serio a respecto do réxime de fóra de ordenación, que está directamente relacionado coas limitacións, e mesmo as diferenzas, da lexislación urbanística galega. Alberga serias dúbidas de que a proposta finalmente prospere, e recomenda ós membros do goberno que non desestabilicen o marco legal da cidade, nin creen expectativas, e menos xogando a aprendices de bruxo.

Responde agora Dona María Pardo, que afirma que o actual PXOM de Santiago está cheo de prexuízos para os cidadáns de Santiago, e o actual goberno municipal intenta levar a cabo as modificacións necesarias para evitalos.

E falando de prexuízos, refírese ós dos solos 6 e 11, cualificados como urbanos no plan e que carecen das infraestruturas mínimas para poder edificar, pero ós que tampouco se lles permite a aplicación do artigo 121 da LOUG, porque son urbanos e non núcleos rurais, e non se poden autosatisfacer. O plan xeral está cheo de dotacións, e está feito como facía todo o goberno anterior, a gran escala, e a suxeitar o dereito de propiedade privada das persoas a que aos anteriores mandatarios se lles ocorrera algún día facer un gran museo, por exemplo. Estamos cheos de dotacións que logo hai que manter, e neste senso veu aquí a este pleno a desafectación do Museo das Peregrinacións do edificio contiguo para ampliálo, pois os veciños tiveron durante todos estes anos hipotecado sen ton nin son o seu dereito de propiedade. No mesmo sentido, houbo que facer compensacións duns solos do concello por outras dotacións, como aconteceu en Salgueiriños, porque tamén estaba afectado para unha zona verde libre un solo, e xa pasaran cinco anos sen que se levase a cabo a expropiación. Asegura a Sra. Pardo que se os propietarios reclamasen xudicialmente ao Concello todas as expropiacións que se deberan facer polos moitos solos afectados no Plan Xeral, non chegaría o orzamento municipal deste ano para pagar.

Son tantos os prexuízos do plan xeral, que haberá que facer unha revisión del no seu momento, e éste é un dos fins do goberno popular. Mentres, téntanse minimizar os prexuízos que o documento supón para os cidadáns de Santiago

A LOUG di que é competencia da comunidade autónoma establecer dous tipos de fóra de ordenación, que é a total e a parcial, pero deixa á competencia da administración local o regular e o aplicar e o suavizar, ou intentar adaptar esta normativa no seu ámbito territorial.

O réxime legal de fora de ordenación, como é sabido, é unha situación sobrevida que se produce por unha nova normativa, que declara que o anterior é ou non é conforme con ela. Isto supón unha serie de restricións, un sacrificio do dereito de propiedade sen dereito a indemnización, polo que en última instancia, ademais de contribuír á depreciación económica e social do ben, pode chegar a perpetuar situacións de abandono ou de decadencia, ou incluso precipitar a extinción de actividades económicas en funcionamento, producindo así efectos contrarios aos obxectivos do planeamento e do interese público. É, polo tanto, que tanto a doutrina como a xurisprudencia veñen consolidando os principios de cautela, medida e proporcionalidade, e o de menor restrición na aplicación dos reximes de fóra de ordenación.

No actual contexto social e económico, no que se aprecia unha evidente ralentización do desenvolvemento dos solos urbanizados, é de especial interese manter as posibilidades de conservación de edificacións e instalacións xa existentes, ou da rexeneración urbana de zonas consolidadas, sendo este tipo de actuacións as que pretende favorecer ou impulsar a Lei 2/11 de economía sostible. Neste mesmo contexto, parece aconsellable minimizar o risco de depreciación.

Responde Dona Mercedes Rosón que non coincide coa percepción da concelleira de urbanismo sobre os erros do plan xeral, é máis, opina que é unha ferramenta de planeamento exquisita, aínda que os plans xerais tamén se poden modificar con sensatez.

Con respecto ó tema que nos ocupa, pensa que o documento é endeble, desenfocado, e completamente descomprometido co planeamento. O outro día a concelleira preguntaba sobre se algunha outra cidade do noso entorno estaba facendo un exercicio parecido a este,

ao que se lle respondeu negativamente. Hai dúas grandes cidades de Galicia, que nos superan en dimensión e influencia política, unha co plan xeral xa aprobado definitivamente, e outra esta en vías, neste momento aprobado provisionalmente, que é a da Coruña, onde adaptan o tema do réxime de fora de ordenación á legalidade urbanística de forma coherente coa interpretación que da mesma ven realizando a administración competente.

Remarca a Sra. Rosón a idea de que o documento non vai prosperar, como non o fixo o que no seu momento elaborou o Concello da Coruña, e pensa que alimentar falsas expectativas e abrir falsos debates é realmente complicado. Prodúcese con este plantexamento unha desvalorización da planificación urbanística, porque o que se pretende é unha revalorización do existente en precario, porque estamos falando de elementos que están en precario fronte ao desenvolvemento futuro, precarizando o planeamento a base de valorizar o patrimonio existente fóra de ordenación.

Para a Sra. Rosón existen outros recursos para mobilizar a inactividade que moitas veces ten a administración, que hai que poñer en marcha, e o que se está facendo é intentar consolidar outra cousa que ten que ver máis co desorde. É verdade que últimamente a concelleira de urbanismo está facendo un gran esforzo para aproximar á oposición e ó goberno municipal, pero sería interesante facelo cando se estean redactando estes documentos, e non cando xa non é posible aportar, nin discutir, nin debater sobre os mesmos.

Rematado o debate, e de conformidade cos informes emitidos, a proposta da concelleira-delegada de Urbanismo de 22 de xaneiro deste ano, e o ditame favorable da Comisión de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Casco Histórico, correspondente á súa sesión do pasado día 24, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 9 en contra, dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo tanto co voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros:

a) Aprobar inicialmente a modificación puntual da normativa urbanística do Plan xeral de Ordenación Municipal no que atinxe ao réxime de FÓRA DE ORDENACIÓN (capítulo IX- artigos 218, 219 e 220- e 124.1), así como á redacción do artigo 109.2.d), segundo o proxecto formulado polo Concello de Santiago a través dos servizos técnicos da Área de Urbanismo.

b) Someter o acordo a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia, e en dous xornais dos de maior difusión na provincia. Simultaneamente outorgarase audiencia aos municipios limítrofes

O presente acordo determina automaticamente, por aplicación do disposto no artigo 77.2 da LOUG, a suspensión do outorgamento das licenzas para todas aquelas actuacións que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de dous anos, contado dende a aprobación inicial.

8. PROPOSTA DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA AO PACTO DOS ALCALDES (COVENANT OF MAJORS).

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade dos asistentes a seguinte declaración institucional de adhesión do Concello de Santiago de Compostela ao Pacto dos Alcaldes (Covenant of Majors):

“O Pacto dos Alcaldes é o principal movemento europeo no que participan as autoridades locais e rexionais que asumiron o compromiso voluntario de mellorar a eficiencia enerxética e utilizar fontes de enerxía renovable nos seus territorios. Co seu compromiso, os asinantes de Pacto propuxéronse superar o obxectivo da Unión Europea de reducir nun 20% as emisións de CO2 antes de 2020.

Trala adopción, en 2008, do paquete de medidas da UE sobre cambio climático e enerxía, a Comisión Europea presentou a iniciativa do Pacto dos Alcaldes co fin de apoiar o esforzo das autoridades locais na aplicación de políticas de enerxía sostenible. Os gobernos locais desempeñan un papel decisivo á hora de atenuar os efectos do cambio climático, máxime se consideramos que o 80% do consumo enerxético e as emisións de CO2 está asociado coa actividade urbana.

Polas súas características singulares (é a única iniciativa deste tipo que mobiliza a actores rexionais e locais arredor do cumprimento dos obxectivos da UE), as institucións europeas definen o Pacto dos Alcaldes como un modelo excepcional de gobernanza multinivel.

Para cristalizar o compromiso político en medidas e proxectos concretos, os asinantes do Pacto deben elaborar un Inventario de emisións de referencia e presentar un Plan de Acción para a Enerxía Sostenible que resuma as accións fundamentais que prevén levar a cabo.

Ademais de propiciar o aforro enerxético, os resultados das accións dos asinantes son múltiples: creación de emprego cualificado e estable, non suxeito á deslocalización; unha contorna e unha calidade de vida máis saudables; e un aumento da competitividade económica e da independencia enerxética. Estas accións serven de exemplo aos demais, en concreto mediante os “Modelos de Excelencia”, unha base de datos das mellores prácticas que presentaron os asinantes do Pacto.

O Catálogo de Plans de Acción para a Enerxía Sostenible constitúe outra fonte de inspiración excepcional. Neste catálogo descríbense a grandes liñas os obxectivos ambiciosos que estableceron outros asinantes e as principais medidas que identificaron para poder cumprilos.”

9. SOLICITUDE DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Á ASOCIACIÓN REDE DE CIDADES INTELIXENTES (RECI).

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade dos asistentes a seguinte declaración institucional de adhesión do Concello de Santiago de Compostela á asociación Rede de Cidades Intelixentes (RECI):

“A Rede Española de Cidades Intelixentes (RECI) empezou a xestarse en xuño de 2011 coa sinatura do “Manifesto polas Cidades Intelixentes. Innovación para o progreso”, cuxo compromiso era crear unha rede aberta para propiciar o progreso económico, social e empresarial das cidades a través da innovación e o coñecemento, apoiándose nas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC).

A innovación e o coñecemento, apoiados nas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), son as claves sobre as que basear o progreso das cidades nos próximos anos, facendo máis fácil a vida dos cidadáns, logrando unha sociedade máis cohesionada e solidaria, xerando e atraendo talento humano e creando un novo tecido económico de alto valor engadido.

A cooperación do sector público e o privado, a colaboración social sen exclusións e o desenvolvemento do traballo na rede, son elementos fundamentais que permiten desenvolver entre todos un espazo innovador que fomente o talento, as oportunidades e a calidade de vida no entorno urbano.

Son cidades intelixentes aquelas que dispoñen dun sistema de innovación e de traballo en rede para dotar ás cidades dun modelo de mellora da eficiencia económica e política permitindo o desenvolvemento social, cultural e urbano. Como soporte deste crecemento realízase unha aposta polas industrias creativas e pola alta tecnoloxía que permita ese crecemento urbano baseado no impulso das capacidades e das redes articuladas, todo iso a través de plans estratéxicos participativos que permitan mellorar o sistema de innovación local.

A Rede Española de Cidades Intelixentes posiciónase como unha rede de territorios locais cuxas entidades, que forman parte da rede, son representativas do territorio e lideran os sistemas de innovación no seu propio territorio, fomentando a súa propia rede local de axentes relacionados coa investigación e a innovación.

O seu obxectivo é intercambiar experiencias e traballar conxuntamente para desenvolver un modelo de xestión sostenible e mellorar a calidade de vida dos cidadáns, incidindo en aspectos como o aforro enerxético, a mobilidade sostenible, a Administración electrónica, a atención ás persoas ou a seguridade.

É polo tanto necesario non perder o tren das I+D+I e compartir con outras cidades españolas interesadas neste sector, experiencias e boas prácticas neste importante campo de desenvolvemento.

Actualmente, RECI está formada por 29 cidades españolas das que dúas (A Coruña e Lugo) son galegas.”

10. MODIFICACIÓN DE ACORDO PLENARIO DO DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2012, RELATIVO Á INTEGRACIÓN DO PERSOAL DE EMUVISSA NO CONCELLO.

O informe que sobre o presente asunto emite esta Secretaría Xeral de Pleno, de data do 24 deste mes, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

Con data de 26 de decembro de 2012 o Pleno da Corporación acordou por unanimidade aprobar na súa integridade a proposta da Concelleira-Delegada de Réxime Interior sobre integración do persoal de EMUVISSA no Concello de Santiago que se transcribe:

1. A integración do persoal de EMUVISSA como persoal laboral indefinido do Concello de Santiago con recoñecemento da súa antigüidade e con suxeición ao Convenio Colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago 2009-2012, con efectos 1 de xaneiro de 2013.

2. A integración será para D. Juan José Cubero Suárez; D. Diego Briega Argomaniz; D. Miguel Fernández Solís e D. Jesús Noya Liste no Grupo A1, Nivel 20 e para D. Antonio Cervelo Pardo; D^a María Magdalena Pérez Brun e D. Victor Santos Paz no Grupo C1, Nivel 16, de conformidade co disposto no réxime retributivo previsto no Convenio Colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago de Compostela.

NOME	NIF	CATEGORÍA	ANTIGUIDADE
CUBERO SUÁREZ, JUAN JOSÉ	32654775L	A1 Nivel 20	02/11/2000
BRIEGA ARGOMANIZ, DIEGO	16584896X	A1 Nivel 20	02/08/2004
FERNÁNDEZ SOLÍS, MIGUEL	9785410Z	A1 Nivel 20	22/04/2003
NOYA LISTE, JESÚS	33290567E	A1 Nivel 20	02/11/2000
CERVELO PARDO, ANTONIO	33243554K	C1 Nivel 16	02/07/2001
PÉREZ BRUN, M ^o MAGDALENA	33276615P	C1 Nivel 16	08/05/2001
SANTOS PAZ, VICTOR MANUEL	52456796Y	C1 Nivel 16	25/11/2002

O réxime laboral e retributivo será o previsto no vixente Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Santiago e demais normativa de aplicación ao persoal laboral indefinido do Concello.”

LEXISLACIÓN APLICABLE

Artigo 105.2 da lei 30/1992, de 30 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común segundo o cal:

“As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- O artigo 9.5 do Convenio Colectivo do Persoal ao Servizo do Concello de Santiago 2009-2012 publicado no BOP nº 22 de A Coruña o 3 de febreiro de 2010, establece no seu **apartado primeiro** que:

1. É persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polo Concello. En función da duración do contrato este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal:

a) **É persoal laboral fixo** o que, en virtude de contrato de natureza laboral está vinculado ao Concello de Santiago mediante unha relación profesional de carácter permanente.

b) **É persoal laboral indefinido** aquel vinculado co Concello con contrato non suxeito a termo que ocupa un posto de traballo en virtude de resolución xudicial, ata tanto non sexa cuberto polo procedemento regulamentario.

c) **É persoal laboral temporal** o que, en virtude dun contrato de traballo de natureza laboral e de duración determinada, manteña unha relación profesional de carácter temporal.

SEGUNDO.- A integración do persoal de EMUVISSA ao Concello de Santiago non opera en virtude de resolución xudicial que converte en indefinido contratos laborais temporais concatenados realizados en fraude de lei en canto que superan o tempo establecido en eles, razón pola que se consideran como persoal laboral indefinido ou en outros termos indefinido non fixo e como consecuencia ocupan un posto de traballo ata tanto non sexa cuberto polo procedemento regulamentario, tendo como consecuencia a súa posibilidade de extinción de contrato de traballo sen indemnización.

A integración do persoal opera como consecuencia do acordo de cesión global do activo e pasivo de EMUVISSA (entidade cedente) a favor do seu socio único o Concello de Santiago de Compostela (entidade cesionaria) aprobado pola Xunta Xeral da sociedade (integrante polas mesmas persoas que o Pleno da Corporación) de data de 12 de novembro de 2012, sendo aceptada esa cesión por acordo do Pleno do Concello de data de 26 de decembro de 2012.

Neste sentido, a integración operaría “ope legis” por aplicación do **artigo 44 do RDL 1/1995, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores**, segundo o cal “ O cambio de titularidade dunha empresa... non extinguirá por si mesma a relación laboral, quedando o novo empresario subrogado nos dereitos e obrigas laborais e de seguridade social que o anterior...”

TERCEIRO.- Por outra banda, e segundo consta no historial remitido, o persoal de EMUVISSA foi obxecto de contratación mediante a apertura dun procedemento público e con suxeición aos principios de igualdade, mérito e capacidade, principios establecidos ademais no **artigo 9.5.3 do Convenio colectivo** aplicable ao persoal laboral do Concello para a selección de persoal laboral.

Esta distinción é importante en tanto que a xurisprudencia , así a **sentenza da Sala do Social do TSX de Cataluña de 8/11/2010**, sinala “Imponse na aplicación ao persoal laboral dos criterios de selección tradicionais na función pública e iso ten unha indubidable transcendencia en orden ao sistema de garantías que o propio precepto menciona e que enlazan coas previsións constitucionais sobre a igualdade dos cidadáns no acceso á función pública (**artigos 14 e 23 da Constitución**, entendida aquela en sentido amplo -como

emprego público- e na aplicación para devandito acceso dos principios de mérito e capacidade (**artigo 103.3 da Constitución**). Estas disposicións sitúan ás Administracións Públicas nunha posición especial en materia de contratación laboral, na medida en que **as irregularidades dos contratos temporais, non poden dar lugar á adquisición da fixeza**, pois con iso vulneraríanse as normas de dereito necesario sobre a limitación dos postos de traballo en réxime laboral e a reserva xeral a favor da cobertura funcional, así como as regras imperativas que garanten que **a selección debe someterse aos principios de igualdade, mérito e publicidade no acceso ao emprego público**. Tomando en consideración que a sociedade estatal recorrente pertence ao sector público, que na selección do seu persoal aplicáronse os mesmos criterios que ás Administracións Públicas, pois terase que contratarse mediante oferta pública de emprego, na que se ofertarán as prazas que legalmente se establezan, necesariamente terá que aplicarse en devandita selección os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, polo que a contratación irregular do seu persoal non pode conducir á adquisición de fixeza, senón que a súa relación laboral terá o carácter de indefinida”.

CUARTO.- O erro nace da consideración da formalización do contrato dos traballadores de EMUVISSA como indefinido en oposición a temporal, xa que no convenio colectivo de Empresas de enxeñería e oficinas de estudos Técnicos non existe distinción entre indefinidos e fixos e na formalización do contrato de traballo ás modalidades previstas na lexislación laboral (**artigo 15 dos Estatutos dos Traballadores**) son indefinidas ou temporais.

Nembargante, ao facer a homologación con respecto ao Convenio do Persoal do Concello, debería facerse a indicación de persoal indefinido fixo ou utilizando a terminoloxía do convenio do persoal laboral do Concello “persoal laboral fixo”.

Neste sentido, así é como se produciu a integración do persoal de Recadación do Concello ou persoal laboral do Auditorio.

Por outra banda, o erro material salta á vista cando na propia Proposta da Concellería Delegada de Réxime Interior asimila o caso do persoal laboral de EMUVISSA, ao persoal previsto no **artigo 9.1 do Decreto 129/2012, de 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia** que sexan obxecto de extinción, determinando no propio **artigo 6 b) do Decreto 129/2012** que en caso de persoal laboral non incluído no ámbito de aplicación do convenio colectivo único da Xunta de Galicia, iniciárase o procedemento regulado no título II deste decreto ao obxecto de integrar, como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, ao persoal que reúna os requisitos establecidos no art. 9.1.

QUINTO.- Como indica a **STS 14.12.1992**: A liña divisoria entre o erro material ou de feito (deixando separadamente os aritméticos e de cálculo), e o de dereito ou conceptual é ás veces de imprecisa determinación. A doutrina e a xurisprudencia veñen entendendo que o primeiro é o comprobable dos propios datos que ofrece o expediente administrativo, sen acudir a percepción de datos allea ao mesmo, mentres que no dereito, ou por infracción do Ordenamento xurídico, a constatación non xorde do propio expediente senón que require de operacións xurídicas de cualificación ou valoración dos datos obrantes no procedemento administrativo. A operación rectificadora referida a erros materiais, de feito e aritméticos, para a que se acha habilitada a Administración sen límite temporal, de oficio ou a instancia do interesado, ... é a que convén a unha actividade non estritamente xurídica senón

simplemente de acomodación do manifestado ou exteriorizado á realidade plasmada no expediente administrativo.

SEXTO: -No obstante o anterior, e aras de garantir a seguridade xurídica tanto dos interesados neste procedemento como os/as sres/as concelleiros/as que deben pronunciarse sobre este expediente no seno do Pleno Corporativo, considerase conveniente que o mesmo sexa sometido a un novo acordo dado que cambia o sentido do mesmo substancialmente.

Así pois, **PROPONSE** a adopción dun novo acordo nos seguintes termos, deixando sen efecto, en consecuencia, o adoptado neste mesmo senso no Pleno de data 26 de decembro de 2012.

1. Aprobar a integración do persoal de EMUVISSA como persoal laboral fixo do Concello de Santiago con recoñecemento da súa antigüidade e con suxeición ao Convenio Colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago 2009-2012, con efectos 1 de xaneiro de 2013.

2. A integración será para D. Juan José Cubero Suárez; D. Diego Briega Argomaniz; D. Miguel Fernández Solís e D. Jesús Noya Liste no Grupo A1, Nivel 20 e para D. Antonio Cerveo Pardo; D^a María Magdalena Pérez Brun e D. Victor Santos Paz no Grupo C1, Nivel 16, de conformidade co disposto no réxime retributivo previsto no Convenio Colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago de Compostela.

NOME	NIF	CATEGORÍA	ANTIGUIDADE
CUBERO SUÁREZ, JUAN JOSÉ	32654775L	A1 Nivel 20	02/11/2000
BRIEGA ARGOMANIZ, DIEGO	16584896X	A1 Nivel 20	02/08/2004
FERNÁNDEZ SOLÍS, MIGUEL	9785410Z	A1 Nivel 20	22/04/2003
NOYA LISTE, JESÚS	33290567E	A1 Nivel 20	02/11/2000
CERVELO PARDO, ANTONIO	33243554K	C1 Nivel 16	02/07/2001
PÉREZ BRUN, M ^o MAGDALENA	33276615P	C1 Nivel 16	08/05/2001
SANTOS PAZ, VICTOR MANUEL	52456796Y	C1 Nivel 16	25/11/2002

O réxime laboral e retributivo será o previsto no vixente Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Santiago e demais normativa de aplicación ao persoal laboral fixo do Concello.”

Non obstante, a corporación acordará o que considere pertinente.”

Dona María Pardo explica que os traballadores de EMUVISSA accederon á empresa por un proceso selectivo que cumpriu os principios de igualdade, mérito e capacidade, sendo examinados por tribunais imparciais e independentes, superando unha oposición libre, e

polo tanto, cumpren cos requisitos establecidos polo artigo 103 da Constitución Española para acceder á función pública.

Trátase de persoal cualificado en diferentes categorías profesionais indispensables para o funcionamento do Concello neste momento, que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 do Decreto 129/2012 do ano 2012, de 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia, é dicir, ter contrato laboral con algunha entidade instrumental do sector público, formalizado tras un proceso de selección realizado baixo os principios constitucionais de publicidade, mérito e capacidade, ter a titulación e os demais requisitos esixidos polo acceso ao grupo e á categoría, estar en situación de servizo activo, ou en situación que orixine dereito á reserva de praza ou posto.

Continúa a concelleira indicando que a partir da adopción do acordo de integración, os traballadores de EMUVISSA pasaron a ser persoal laboral fixo do Concello, seguindo o precedente sentado non só pola Xunta de Galicia, por medio do citado decreto, senón por este concello, coa integración dos traballadores do servizo de recadación no ano 92, no que se integraron 14 persoas que procedían dunha empresa privada.

O que se propón neste asunto -relata a concelleira- é a modificación do acordo adoptado nunha sesión plenaria anterior, dado que se entende como erro a declaración de persoal laboral indefinido, que se debe substituír pola de persoal laboral fixo, tal e como indica o informe do secretario do Pleno.

Dona Rosario Valledor Puente, que intervéñ seguidamente, relata que o seu grupo formulou unha serie de preguntas despois da reunión da comisión informativa, que de momento non obtiveron resposta. Quere deixar constancia de que no expediente non hai informe xurídico a respecto da non integración dunha arquitecta que se atopa en situación de servizos especiais, e di se é posible que o secretario e o interventor, presentes no pleno, fagan un informe verbal acerca da situación na que vai quedar esta persoa.

Efectivamente, como acaba de dicir a señora concelleira, no informe do secretario xa se fai referencia ao Real Decreto 129/2012, que se toma como análogo para facer a integración, e nese Decreto fálase das persoas que están en situación de excedencia forzosa. O grupo socialista entende que se tiña que facer a dotación orzamentaria desa praza neste momento, entón se non hai inconveniente tanto por parte do interventor como por parte do secretario, lle gustaría que se emitira informe verbal sobre como sería a integración desta persoa no Concello no momento no que remate a súa situación de servizos especiais.

A seguir, manifesta que quere deixar claro que a postura do grupo socialista foi en todo momento favorable á integración do persoal de EMUVISSA, e entende que a situación laboral doutras persoas que pertencen a EMUVISSA e que non están en servizo activo debe recibir outro tratamento, pero quere que se emita o informe solicitado.

Por outro lado, a señora concelleira dixo o outro día na comisión que había unha acta, no acordo de disolución de EMUVISSA, na que se tratara o despedido desta persoa, incluso que estaba consignada a cantidade da indemnización á que daría lugar, e estes datos son moi importantes para que o grupo socialista faga a súa defensa de voto.

Eu, Secretario, interveño a seguir diante da solicitude da Sra. Valledor, e indico que o informe que consta no expediente refírese única e exclusivamente ao persoal que por decisión política se considera que debe integrarse neste momento. Chegado o seu momento, plantexarase a situación a respecto da persoa que efectivamente solicite o reingreso, porque estamos falando de feitos futuribles, e polo de agora é imposible saber se esa persoa se vai integrar ou non, dato que hoxe non se coñece. Se chegado o momento se decide por parte desa persoa facer uso dos seus dereitos e integrarse no Concello, plantexarase se se realizarán os trámites administrativos oportunos.

Novamente toma o uso da palabra Dona Rosario Valledor, que quere deixar claro que a postura do grupo socialista en todo momento é favorable á integración do persoal de EMUVISSA, pero evidentemente con esta inseguridade xurídica latente, o voto non pode ser positivo.

No informe da secretaría xeral fálase do persoal do artigo 9.1, pero o artigo 9.1.c) di literalmente “estar en situación de servizo activo o en situación que origine derecho a la reserva de plaza o puesto”, e ata onde a concelleira sabe, todo o persoal que está en situación de excedencia por cargo político ten dereito á reserva de posto. Entón, o voto socialista neste caso non vai ser positivo, en primeiro lugar porque, como xa indicou, no expediente non hai informe xurídico a respecto da non integración da arquitecta que está en situación de excedencia en servizos especiais, e require do sr. Interventor ó respecto que informe verbalmente da necesidade ou non de consignación da súa posible praza, no caso de que nalgún momento a interesada decidira facer uso do seu dereito de reintegrarse ao Concello.

Dona María Pardo intervén novamente para indicar que o informe ao que se refire o secretario é o informe que se trasladou aos grupos da oposición con relación á integración do persoal activo de EMUVISSA, que o goberno decidiu integrar no Concello de Santiago para salvar os sete postos de traballo.

A seguir indica que ela pediu un informe ao director da área de urbanismo, Sr. Oreiro, e a min, sobre a situación de Dona Aurea Soto Vázquez. Ese informe existe e del se pode dar traslado, pero en resumo nel se indica que non se tomou decisión algunha posto que a interesada non solicitou a integración no seu posto de traballo no Concello de Santiago, sen que se coñeza cales son os seus plans de cara ó futuro, ou se vai estar moito tempo como concelleira na cidade de Ourense, ou se vai pedir o seu reingreso en dous anos, oito ou doce. No momento no que o faga, decidírase sobre a súa integración en base ó informe da xefa do servizo de Persoal e dos servizos xurídicos do Concello. Por outra banda, por un principio de prudencia presupostaria, consígnase o importe dun eventual despido desta persoa, pero por prudencia presupostaria tamén, están consignados 2,6 millóns para a operación do Peleteiro, por se o reclaman, que ademáis o reclamaron. Non obstante, non se pode tomar ningunha decisión mentres a interesada non solicite a súa incorporación ó Concello, porque o único que se vai acordar hoxe é salvar os postos de traballo dos sete traballadores cualificados de EMUVISSA, que van prestar un gran servizo ao Concello integrándose nel. A decisión que se tome non só afectará á persoa que mencionou a concelleira socialista, senon tamén a un director xeral da Xunta e a unha traballadora que nestes momentos está no Concello. O outro día na comisión falouse de despido político, que en ningún caso o é, e pola contra o que o grupo socialista pretende é unha integración política, ao decatarse de que a traballadora en cuestión era concelleira socialista de Ourense.

Dona Rosario Valledor indica que o Sr. Secretario dixo que se fixera un informe pola vontade política de integrar a sete persoas, e aquí non estamos a falar de vontade política, senon de persoas e de legalidade, cousas completamente diferentes. O que non deixa de ser chocante é que de oito persoas que teñen dereito a reintegrarse se integren sete, e unha que casualmente é concelleira socialista noutro concello, quede fóra, o que soa algo raro.

En canto aos dereitos de integración, pregunta a concelleira que prazos se abriron para que o persoal de EMUVISSA solicitara dita integración, porque ela non os veu, e ó parecer o que se fixo foi decidir que se integraban unha serie de persoas e se deixaban outras fóra.

En base ao informe transcrito, e de conformidade coa proposta da concelleira-delegada de Persoal, do día 25 de xaneiro, e o ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa sesión do día 28 deste mes, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 9 abstencións, dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE:

a) Deixar sen efecto o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 26 de decembro de 2012, no asunto denominado “Proposta de integración do persoal de EMUVISSA no Concello de Santiago”.

b) Aprobar a integración do persoal de EMUVISSA como persoal laboral fixo do Concello de Santiago con recoñecemento da súa antigüidade e con suxeición ao Convenio Colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago 2009-2012, con efectos do 1 de xaneiro de 2013.

c) A integración será para D. Juan José Cubero Suárez, D. Diego Briega Argomaniz, D. Miguel Fernández Solís e D. Jesús Noya Liste no grupo A1, nivel 20, e para D. Antonio Cervelo Pardo, Dona María Magdalena Pérez Brun e D. Víctor Santos Paz no grupo C1, nivel 16, de conformidade co disposto no réxime retributivo previsto no Convenio Colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago de Compostela.

NOME	NIF	CATEGORÍA	ANTIGUIDADE
CUBERO SUÁREZ, JUAN JOSÉ	32654775L	A1 Nivel 20	02/11/2000
BRIEGA ARGOMANIZ, DIEGO	16584896X	A1 Nivel 20	02/08/2004
FERNÁNDEZ SOLÍS, MIGUEL	9785410Z	A1 Nivel 20	22/04/2003
NOYA LISTE, JESÚS	33290567E	A1 Nivel 20	02/11/2000
CERVELO PARDO, ANTONIO	33243554K	C1 Nivel 16	02/07/2001
PÉREZ BRUN, M ^o MAGDALENA	33276615P	C1 Nivel 16	08/05/2001
SANTOS PAZ, VICTOR MANUEL	52456796Y	C1 Nivel 16	25/11/2002

O réxime laboral e retributivo será o previsto no vixente Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Santiago e demais normativa de aplicación ao persoal laboral fixo do Concello.

11. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL PARA O ANO 2012.

Esta Secretaría Xeral emitiu o pasado día 15 de xaneiro o seguinte informe-proposta en relación co presente asunto da orde do día, que ten por obxecto a modificación do cadro de persoal por mor da incorporación no mesmo do persoal de EMUVISSA:

“En relación co expediente relativo á **MODIFICACIÓN CUADRO DE PERSOAL MUNICIPAL** (incorporación EMUVISSA) emito o seguinte informe-proposta de acordo co disposto no artigo 175 do Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con base nos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO: O Pleno da Corporación, na Sesión que tivo lugar o día 26 de Decembro de 2012, acordou integrar como persoal laboral indefinido do Concello de Santiago de Compostela a sete traballadores procedentes da extinta empresa municipal EMUVISSA.

SEGUNDO: De conformidade co informe emitido no seu día polo funcionário que subscribe, o citado persoal debe integrarse no cadro de persoal do Concello.

TERCEIRO: O proxecto de modificación do cadro de Persoal foi incluído na orde do día da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Santiago de Compostela que tiña previsto celebrarse o día 2 de xaneiro de 2013, ás 11.00 horas, sesión que non puído levar a cabo por non existir o quórum necesario que determina o artigo 35.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, xa que a aquela non acudiu o número de representantes sindicais lexitimados, ao amparo do artigo 33.1 da citada norma, non asistindo ningún representante de CIG e UXT, sem que figure no expediente xustificación algunha de tal ausencia. Queda acredita esta circunstancia no expediente.

CUARTO: Nos informes de Intervención que obran no expediente queda acreditado igualmente que no Orzamento municipal vixente existe consignación suficiente e adecuada para atender as obrigas económicas que se derivan da modificación do cadro de persoal proposta.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

A lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

- Os artigos 90.1 e 123.1.h da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Os artigos 126 e ss do Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes em materia de réxime local.
- O artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público.

VISTO todo o que antecede, considerase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación polo Pleno da Corporación, de acordo co artigo 123.1. h da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que asina presenta a seguinte proposta de acordo:

INFORME-PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Que se aprobe inicialmente o cadro de persoal municipal, coas seguintes prazas no senso de reconvertir 8 prazas de administrativos de administración xeral en 7 prazas de persoal laboral coas seguintes categorías: 1 licenciado en dereito, 1 licenciado en empresariais, 1 arquitecto, 1 enxeñeiro, 1 delineante e 2 administrativos.

SEGUNDO: Que se someta este acordo á información pública, por un prazo de quince días, mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante ese prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións e reclamacións que consideren pertinente. Unha vez transcorrido o dito prazo, se non se presentan alegacións, entenderase como definitivo este acordo de aprobación inicial.

Non obstante, a Corporación acordará o que considere pertinente.”

En base ao informe transcrito, e ao desta Secretaría Xeral de data 24 de xaneiro, plasmado no asunto anterior da orde do día, a proposta da Concelleira-delegada de Persoal do día 28 deste mes exprésase nos seguintes termos:

“O Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o 26 de decembro de 2012 acordou integrar como persoal laboral indefinido do Concello de Santiago a sete traballadores procedentes da extinta empresa municipal EMUVISSA.

O Secretario Xeral do Pleno no seu informe de data 24 de xaneiro de 2013 deu conta da necesidade de modificar o acordo plenario do 26 de decembro de 2012, nos seguintes termos:

“Así pois, **PROPONSE** a adopción dun novo acordo nos seguintes termos, deixando sen efecto, en consecuencia, o adoptado neste mesmo senso no Pleno de data 26 de decembro de 2012:

1. Aprobar a integración do persoal de EMUVISSA como persoal laboral fixo do Concello de Santiago con recoñecemento da súa antigüidade e con suxeición ao Convenio Colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago 2009-2012, con efectos 1 de xaneiro de 2013.

2. A integración será para D. Juan José Cubero Suárez; D. Diego Briega Argomaniz; D. Miguel Fernández Solís e D. Jesús Noya Liste no Grupo A1, Nivel 20 e para D. Antonio Cervelo Pardo; D^a María Magdalena Pérez Brun e D. Victor Santos Paz no Grupo C1, Nivel 16, de conformidade co disposto no réxime retributivo previsto no Convenio Colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago de Compostela.

NOME	NIF	CATEGORÍA	ANTIGUIDADE
CUBERO SUÁREZ, JUAN JOSÉ	32654775L	A1 Nivel 20	02/11/2000
BRIEGA ARGOMANIZ, DIEGO	16584896X	A1 Nivel 20	02/08/2004
FERNÁNDEZ SOLÍS, MIGUEL	9785410Z	A1 Nivel 20	22/04/2003
NOYA LISTE, JESÚS	33290567E	A1 Nivel 20	02/11/2000
CERVELO PARDO, ANTONIO	33243554K	C1 Nivel 16	02/07/2001
PÉREZ BRUN, M ^o MAGDALENA	33276615P	C1 Nivel 16	08/05/2001
SANTOS PAZ, VICTOR MANUEL	52456796Y	C1 Nivel 16	25/11/2002

O réxime laboral e retributivo será o previsto no vixente Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Santiago e demais normativa de aplicación ao persoal laboral fixo do Concello.”

De conformidade co informe anteriormente citado e co tamén emitido por dito funcionario o día 9 de abril de 2012, cómpre proceder á inclusión do citado persoal no cadro de persoal do Concello.

A modificación do cadro de persoal durante a vixencia do presuposto, por cambio de circunstancias que modifiquen a planificación inicial, requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación deste, de xeito que de conformidade co artigo 126.2.a) do Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, o incremento do gasto nun capítulo teña unha correlativa redución noutro.

Logo de efectuada a oportuna modificación do orzamento 2013 TRANS-01 no Decreto da concelleira delegada de facenda en funcións do 9 de xaneiro de 2012, formulouse por esta concellaría unha solicitude de RC polo importe de 293.088,30 euros.

Á vista do exposto PROPOÑO:

Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal de 2012 no sentido de reconverter 8 prazas de administrativos de administración xeral en 7 prazas de persoal laboral fixo coas seguintes categorías: 1 licenciado en dereito, 1 licenciado en empresariais, 1 arquitecto, 1 enxeñeiro, 1 delineante e 2 administrativos.”

Por último cómpre indicar que a Xunta de Goberno, en sesión do día 17 de xaneiro, aprobou o proxecto de modificación do cadro de persoal para o ano 2012.

Dona Amelia González explica que tal e como consta na proposta, trátase de aprobar a modificación do cadro de persoal para poder acoller aos traballadores procedentes da extinta empresa municipal EMUVISSA.

Deste xeito e de conformidade co informe emitido polo Secretario Xeral do Pleno, e tras a modificación orzamentaria que avala o correspondente informe do Interventor, cumprírase o acordo acadado polo Pleno o pasado día 26 de decembro, que ven de rectificarse no punto anterior.

A modificación do cadro de persoal consiste en reconverter oito prazas de administrativos de administración xeral en sete prazas de persoal laboral, e as razóns para facelo derivan de que de conformidade co que dispón o artigo 126.2.a) do Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, a modificación do cadro de persoal durante a vixencia do orzamento, por cambio de circunstancias que modifiquen a planificación inicial, require o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación deste, é dicir, o incremento do gasto nun capítulo ten que ter unha correlativa redución noutro.

Así pois, o custo de persoal de EMUVISSA supón un orzamento de máis de 293.000 euros, e este montante conséguese facendo un axuste no capítulo 1, consistente en consignar os créditos reservados para as prazas previstas de promoción interna de administrativos.

As prazas ás que se refire a proposta están perfectamente orzamentadas e avaliadas por un informe do asesor xurídico e secretario xeral do pleno. Por outra banda, tal e como se indica no informe de intervención, a modificación quedará subsumida no orzamento de 2013.

En definitiva, se o Concello ten a intención de asumir ó persoal de EMUVISSA, ese persoal ten un custo, que hai que sacar dalgunha parte, e o único orzamento dispoñible para poder facer fronte á incorporación deste persoal é o das prazas de administrativos previstas para a promoción interna de auxiliares.

Dona Rosario Valledor responde que neste caso o seu grupo solicitou copia do informe do servizo de persoal relativo á modificación unilateral por parte do goberno municipal do convenio colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago en relación á disposición adicional cuarta, que é a transformación progresiva da subescala auxiliar. Quere deixar constancia a concelleira de que ese informe non chegou aínda, malia solicitálo por rexistro.

No que atinxe ao tema do que estamos a falar, a aprobación inicial da modificación do cadro de persoal para o ano 2012, a proposta que presenta o goberno municipal para a súa aprobación polo Pleno non vai ser apoiada polo grupo municipal socialista por varios motivos:

O primeiro, porque estiman que a necesidade de creación das prazas para que se poida integrar no Concello o persoal provinte de EMUVISSA, non pode servir de escusa para conculcar os dereitos do persoal propio do Concello.

En segundo lugar, porque a creación destas prazas faise sen informe da intervención do Concello e do servizo de persoal. Neste senso solicitou o seu grupo que se lles informara por escrito da necesidade ou non de ditos informes.

En terceiro lugar -engade a concelleira-, non existiu a preceptiva negociación cos representantes dos empregados públicos do Concello, e non serve que o informe da secretaría diga que se convocou unha mesa e que non había quórum, pois a negociación ten que producirse sempre.

En cuarto lugar, entende que se está a facer unha modificación do cadro de persoal que non se axusta a dereito, pois se incumpre a disposición adicional cuarta do convenio colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago. O cadro de persoal que consta en dita adicional cuarta é para o ano 2012 de 62 administrativos e 44 auxiliares administrativos, pero a proposta que se trae hoxe a pleno é de 44 administrativos e 51 auxiliares administrativos. Todas as persoas que teñen algún tipo de vinculación cos servizos municipais saben que as funcións que realizan os funcionarios auxiliares administrativos son moi similares ás dos administrativos, razón que xustifica a merecida promoción interna que o goberno municipal está a cercenar con esta proposta.

Dona Amelia González Brandariz intervén de novo, e opón á crítica pola falta de informes, que no expediente desta modificación do cadro de persoal figura o informe do Secretario Xeral do Pleno, que é a máxima representatividade xurídica que temos no Concello de Santiago de Compostela, que foi ademais Secretario do Consello de Administración de EMUVISSA, e que por suposto un informe coa súa sinatura ten que valer por todos os informes xurídicos que se poidan facer neste Concello, por tanto o expediente non pode estar mellor avalado xurídicamente.

No que atinxe á crítica pola ausencia de negociación colectiva, indica a concelleira que por suposto que ten que habela, e que por descontado que este goberno está pola negociación colectiva de calquera cousa que precise da negociación colectiva, pero é imposible negociar cando se convoca ós órganos de representación e éstos non acuden ás reunións convocadas. Se non queren chegar a acordos, a concelleira non pode forzalos a facelo. Así as cousas, a convocatoria despachouse, e o informe do secretario está evacuado, co que o expediente está completo.

Sobre o incumprimento do convenio en canto ás previsións de promoción interna, convida á Sra. Valledor a que faga un repaso dos cadros de persoal e dos orzamentos anteriores, nos que tamén estaba recollida a obrigatoriedade de levar a cabo a promoción interna deses traballadores. Así, no cadro de persoal de 2010 recóllense as prazas de administrativo, pero se dí que non están dotadas orzamentariamente, e que non se cubrirán nin no 2010 nin no 2011. Pensa a sra. González que é moi bonito poder recoller nunha plantilla de persoal todas as prazas vacantes, cando esas prazas carecen de orzamento, e non só fala desa promoción interna, senon dun montante de máis de dous millóns de euros, o que si é chanchullo e ilegalidade.

Ao que non está disposto o actual goberno municipal é a facer chanchullos nin ilegalidades, e pregúntase a concelleira como se podería asumir ao persoal de EMUVISSA se non é da forma legal que se está a facer. Repite que se se quere orzamentar dun lado hai que sacar doutro, e grazas a que as prazas de administrativo estaban perfectamente orzamentadas poidéronse prever eses máis de douscentos mil euros necesarios para pagar ao persoal de EMUVISSA sen que se resinta o capítulo I de persoal.

Opón Dona Rosario Valledor que nunca acontecera tal cousa no Concello, pois sempre que se convocou ás organizacións sindicais asistiron ás reunións, por tanto algún motivo haberá para que agora non asistan. De todas formas, e aínda que Dona Amelia González manifesta sentir un exquisito respecto sobre a negociación colectiva, resulta que o cadro de persoal tivo que vir dúas veces a Comisión informativa porque na primeira se lles esquecera que nos tema de persoal tiñan que convocar aos representantes legais dos traballadores. Pode ser casualidade, ou pode ser que á persoa que o tiña que facer se lle esquecera, pero o certo é que á hora de negociar cos traballadores o grupo de goberno ten bastante mala memoria, porque iso da democracia lle resulta un pouco grande

Tamén dicía a concelleira que era un chanchullo o feito de non orzamentar as prazas, pero opón a Sra. Valledor que non é obrigatorio facer a convocatoria no mesmo ano en que se inclúen as prazas no catálogo, e no Concello, nos anos nos que gobernou o grupo socialista, respectouse escrupulosamente o catálogo de persoal.

Por último, di a concelleira que se Dona Amelia González quere ideas para saber de onde poden sacar prazas, cecais conveña lembrar que ten un montón de prazas creadas últimamente, e coa súa dotación económica non habería ningún problema en incluír ó persoal de EMUVISSA. Pensa que hai que ser miserento para que os trinta mil euros necesarios para a promoción interna se inclúan na dotación de EMUVISSA, e opina, retomando o problema da negociación cos traballadores, que ésta non se fai dando hoxe unha documentación para negociar mañá.

Para o Sr. Alcalde, que pecha o debate deste asunto, son os sindicatos os que teñen que dar explicacións da non asistencia ás mesas de negociación ás que están convocados, e engade que é a primeira vez que nas comisións informativas que tratan os temas de persoal se invitan aos representantes dos traballadores, cousa que non fixo nunca o anterior goberno.

De conformidade cos informes da Secretaría Xeral do Pleno, a proposta da concelleira-delegada de Persoal, e o ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa sesión do día 28 deste mes, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, 8 en contra, dos membros do grupo PSdeG-PSOE, e 1 abstención, da concelleira Dona Mercedes Rosón, ausente no momento da votación (Art. 100 R.O.F):

Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal 2012 no sentido de reconverter 8 prazas de administrativos de administración xeral en 7 prazas de persoal laboral fixo, coas seguintes categorías: 1 licenciado en dereito, 1 licenciado en empresariais, 1 arquitecto, 1 enxeñeiro, 1 delineante e 2 administrativos.

O presente acordo someterase á información pública, polo prazo de quince días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as alegacións e reclamacións que estimen oportunas. De non habelas, o acordo de aprobación inicial entenderase adoptado definitivamente.

O cadro modificado ten o seguinte contido:

A.- ÓRGANOS DIRECTIVOS ARTIGO 130 LEI 7/1985

1 Director/a de área de Facenda, Contratación e Control do Gasto. Grupo A1.
1 Director/a da área de Mobilidade e Seguridade Cidadá. Grupo A1.
1 Director/a da área de urbanismo e infraestructuras. Grupo A1.

B.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA.

CON HABILITACIÓN NACIONAL.-

1 Secretario - Grupo A1.
1 Interventor - Grupo A1.
1 Tesoureiro - Grupo A1.
1 Vicesecretario - Grupo A1.
1 Viceinterventor - Grupo A1.
1 Vicetesoureiro - Grupo A1.
1 Secretario/a de Apoio - Grupo A1.
1 Interventor/a de Apoio - Grupo A1.
1 Tesoureiro/a de Apoio - Grupo A1.

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL.

Subescala Técnica.-

19 Técnicos.- Grupo A1.- Nivel Titulación: Licenciado en Dereito, Ciencias Políticas, Económicas ou Empresariais, Intendente Mercantil ou Actuario.

Subescala de xestión.-

8 técnicos de xestión.- Grupo A2.- Nivel de Titulación: Diplomado universitario, coas especificacións que se conteñen na relación de postos de traballo.

Subescala Administrativa.-

44 Administrativos.- Grupo C1. Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional 2º Grao ou equivalente.

Subescala Auxiliar.-

51 Auxiliares Administrativos.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

Subescala Subalterna.-

4 Conserxes.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

7 Uxieres.- Agrupacións Profesionais Estatuto Básico Empregado Público- Nivel Titulación: Certificado de Escolaridade.

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

Subescala Técnica.-

Técnicos Superiores.-

- *1 Técnico Superior Medio Ambiente. Grupo A1. Nivel titulación: Licenciado Superior.
- *1 Inspector sanitario. Grupo A1. Nivel titulación: Licenciado en farmacia, licenciado en ciencias químicas, licenciado en ciencias biológicas.
- *1 Técnico Superior. (Director da Área de Urbanismo e Infraestructuras.) Grupo A1. Nivel titulación: Doutor, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou equivalente. (A amortizar).
- *9 Arquitectos. – Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado na Escola de Arquitectos Superiores.
- *1 Asesor Xurídico.- Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado en Dereito.
- *1 Pedagogo.- Grupo A. Nivel Titulación: Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, especialidade Pedagogía.
- *1 Arqueólogo.- Grupo A1. Titulación en Xeografía e Historia, especialidade de Arqueoloxía.
- *2 Economistas. Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado en Ciencias Económicas ou Empresariais.
- *1 Analista de Sistemas Informáticos.- Grupo A1. Nivel Titulación: Enxeñeiro Superior de Telecomunicacións, Licenciado en Informática, Licenciado en Matemáticas.
- *1 Técnico en prevención de riscos laborais. Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado Universitario con alomenos 2 especialidades do Regulamento de Prevención.
- *1 técnico de programación e xestión cultural. Grupo A1. Nivel de titulación: Superior. Licenciado universitario en disciplinas afíns á área de humanidades.
- *1 licenciado/a en dereito para servizos sociais. Grupo A1, nivel titulación: Licenciado en dereito.

Técnicos Medios.-

- *3 Enxeñeiros Técnicos en Obras Públicas. – Grupo A2. Nivel Titulación: Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas.
- *2 Enxeñeiros Técnicos Industriais.- Grupo A2. Nivel Titulación: Enxeñeiro Técnico Industrial.
- *7 Aparelladores.- Grupo A2. Nivel Titulación: Arquitecto Técnico.
- *1 Asistente Social.- Grupo A2. Nivel Titulación: Asistente Social.
- *1 Graduado Social.- Grupo A2. Nivel Titulación: Graduado Social.
- *2 técnicos medios en informática. Grupo A2. Nivel Titulación: Diplomado Universitario en Informática.

Técnicos Auxiliares.-

- *6 Técnicos en Informática.- Grupo C1. Nivel Titulación: Técnico Especialista en Informática, FP-2 de 2º Grao ou equivalente.
- *8 Delineantes.- Grupo C1. Nivel Titulación: Técnico Especialista en Delineación, F.P de 2º Grao ou equivalentes.
- *1 Encargado de Instalacións Semafóricas. Grupo C1.- Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º Grao ou equivalentes.

*1 Encargado de Parques e Xardíns.- Grupo C1. Nivel Titulación: Diploma de Capataz Agrícola, especialidade: Xefe de Explotación.

*1 Encargado da Brigada de Vías e Obras.- Grupo C1. Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º Grao ou equivalente.

*1 Encargado da Oficina Municipal de Información ó Consumidor. Grupo C1. Nivel de Titulación: Bacharelato, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente.

*1 Técnico auxiliar en prevención de riscos laborais Grupo C1. Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente, con curso de prevención de 300 horas homologado, ou ciclo superior FP, familia profesional de mantemento e servicios á produción.

Subescala de Servizos Especiais.-

1.- PERSOAL DE OFICIOS:

A) Parques e Xardíns.

*3 especialistas.- Grupo C1. Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente.

*9 Oficiais Xardineiros.- Grupo C2. Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

B) Parque Móbil.

*1 Xefe Parque Móbil.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

*1 Conductor.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

C) Vías e Obras.

*4 Capataces.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

*1 Canteiro Albanel.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

*5 Oficiais Albaneis.- Grupo C2 Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

*3 Oficiais Carpinteiros.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

*1 Oficial Fontaneiro Soldador.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

D) Circulación e seguridade cidadá.

*Un oficial albanel.- (procedente da Brigada de Vías e Obras) Grupo C2. Nivel de titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1ª grao ou equivalente.

2.- COMETIDOS ESPECIAIS

A) BANDA DE MÚSICA.

- * 25 músicos.- grupo A2.
- *6 músicos.- grupo C1.
- * 3 músicos.-grupo C2

B) SANIDADE E MEDIO AMBIENTE.

*4 Auxiliares de Inspección de Servizos.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, FP 1º Grao ou equivalente.

3.- EXTINCIÓN DE INCENDIOS:

- *1 Oficial.
- *1 Suboficial.
- * 6 sarxentos.
- *10 Cabos.
- *50 Bombeiros-Condutores.

4.- POLICÍA MUNICIPAL

- *1 Intendente principal.-Grupo A1.Escala técnica da policía municipal.
- *1 Intendente.- Grupo A1.Escala técnica da policía municipal.
- *5 Inspectores principais.- Grupo A2. Escala Executiva da policía municipal.
- *10 inspectores.- Grupo A2. Escala Executiva da policía municipal.
- *19 Oficiais.- Grupo C1. Escala básica da policía municipal.
- *126 Policías.- Grupo C1. Escala básica da policía municipal.

C) PERSOAL LABORAL

IGUALDADE E SERVIZOS SOCIAIS.

- *2 Avogados.
- *10 Traballadores/as Sociais.
- * 2 Educadores/as Familiares.
- *1 Administrativo.
- *1 Auxiliar Administrativo.
- *1 axente de emprego local.

BRIGADA DE VÍAS E OBRAS

- *1 Conductor.
- *1 Oficial Conductor-Palista.
- *1 Oficial Soldador.
- *1 Capataz.

BRIGADA DE PARQUES E XARDÍNS

- *1 Oficial.
- *1 Soldador.

DEPORTES

- *1 Técnico en Programación Deportiva.
- *1 Técnico en Mantemento.
- *10 Porteiros-Conserxes.

PARQUE MÓBIL

- *3 Conductores.
- *1 Mecánico-Conductor.

SERVIZOS INTERNOS

- *5 Uxieres laborais, equiparados a funcionarios E-14.
- *3 Limpiadoras (a extinguir).

EDUCACIÓN / CENTROS SOCIOCULTURALS.

- *3 Técnicos en Educación e Mocidade.
- *2 Técnicos en Programación.

***2 Educadores-Monitores.**

- *8 Animadores Socioculturais.
- *3 auxiliares administrativos

EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA

- *1 Técnico en orientación laboral.
- *3 Axentes de Desenvolvemento Local.

INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN

- *1 Técnico de Desenvolvemento Local.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

- *1 Técnico en Normalización Lingüística.

PRENSA E PUBLICACIÓNS

- *1 Xornalista.

TRÁFICO

*1 Oficial 1ª Electricista (reassignado Estación de Autobuses).

OFICINA REHABILITACIÓN DE VIVENDA

*1 Técnico de Xestión.

TESOURERÍA/RECADACIÓN MUNICIPAL

*1 Auxiliar de Recadación de 1ª.

*8 auxiliares administrativos (antigas denominacións: auxiliares de recadación 2ª e 3ª, auxiliares de oficina de 1ª e 2ª).

*1 Subalterno.

MERCADO DE GANDO

*1 Oficial Administrativo.

ÓRGANOS DE GOBERNO

*1 auxiliar administrativo.

PERSOAL

*1 auxiliar administrativo.

OMIC

*1 Auxiliar Administrativo.

BANDA DE MÚSICA

* 1 Director grupo A1. Contrato de alta dirección.

* 3 músicos grupo C2.

UMAD

*5 Psicólogos.

*2 Médicos.

*1 Auxiliar Clínica.

*2 Educadores Especializados.

*1 Administrativo.

*2 ATS.

*1 Director de Tempo Libre.

*1 Monitor ocupacional.

*1 traballador social.

*1 auxiliar administrativo C2.

INSPECCIÓN DE SERVIZOS

*1 Encargado.

PERSOAL LABORAL INDEFINIDO PROCEDENTE DA EXTINTA EMUVISSA:

*1 Licenciado en dereito.

*1 Licenciado en empresariais.

*1 Arquitecto.

*1 Enxeñeiro de camiños.

*1 Delineante.

*2 Administrativos.

D) PERSOAL EVENTUAL.

*1 Xefe Gabinete Alcaldía.

*2 Asesores (nomeados pola Xunta de Goberno) Grupo A1.

*4 Asesores Grupo A1.

*6 Administrativos grupo C1.

*2 Auxiliares administrativos grupo C2.

12. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA GASTOS DE INVESTIMENTO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS INCLUÍDAS NO OBRADOIRO DE EMPREGO DE SANTIAGO IMPULSA.

A modificación orzamentaria número 2013 -crédito extraordinario-02- por importe de 47.000 euros, ten por obxecto adquirir materiais para a realización das obras incluídas no obradoiro de emprego “ Santiago Impulsa” (construción de casetas modulares en madeira, prolongación de plataforma de formigón fronte ao aulario e colocación de falso teito do C.F.O de Aríns).

A proposta que neste senso eleva ao Pleno da Corporación a concelleira-delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego, que ten data do 17 deste mes, indica:

“Despois de resolverse con data de 15 de xaneiro do ano en curso sobre incoación de expediente de modificación presupostaria número 2013-CTO.EXTRAOR-02, ante a urxente necesidade de proceder á realización de gastos de investimento, consistente na adquisición de materiais para a realización das obras incluídas no Obradoiro de Emprego “Santiago Impulsa” (construcción de casetas modulares en Madeira, prolongación de plataforma de formigón fronte aulario e colocación de falso teito do C.F.O. de Arins).). E sendo estos, necesarios e urxentes, e non podendo demorar sen grave quebranto dos compromisos adquiridos ca Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, e non existindo no estado de gastos do presuposto crédito destinado a esta finalidade específica no nivel en que esta establecida a vinculación xurídica, faise necesario habilitar un crédito extraordinario para o efecto no estado de gastos do presuposto vixente mediante a modificación deste último e por un importe de 47.000 euros.

Para o financiamento dos devanditos créditos extraordinarios é posible dar de baixa parcialmente por anulación a aplicación presupostaria 140.24100.22698 "Gastos diversos. Actividades Emprego. Actividades”, cuxa dotación é posible reducir na indicada contía sen

que iso supoña ou poida supoñer un menoscabo no funcionamento do servizo municipal ao que a dotación está adscrita.

Por todo iso, logo de informe da Intervención Xeral Municipal e de conformidade co previsto no artigo 177.2 do RD Leg. 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 37.3 do RD 500/90 do 20 de abril, e base 10ª das de execución dos Presupostos municipais para o ano en curso, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a modificación presupostaria número 2013-CTO.EXTRAOR-02, por importe de 47.000 euros, conforme ao seguinte detalle e sobre a base da motivación que se deixa exposta en parte expositiva desta proposta:

APLICACIÓN	DENOMINACION	CTO.EXTRAORD.	IMPORTE BAIXA
140.24100.22698	Gastos diversos. Actividades Emprego. Actividades.		47.000,00
140.24100.60900	Outras inversións Emprego. Outras inversións	47.000,0000	
TOTAL		47.000,00	47.000,00

Unha vez aprobada inicialmente a modificación presupostaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no artigo 169 TRLRHL, o expediente someterase a exposición pública, logo de anuncio no BOP, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose á súa publicación no BOP, sendo os créditos executivos a partir da súa publicación.

De presentarse reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución destas así como a aprobación da modificación ao citado órgano.”

Constan no expediente os informes do responsable de emprego, de data 10 de xaneiro, sobre a necesidade da medida, e do Sr. Interventor de fondos municipais, do día 17 seguinte, así como o acordo da Xunta de Goberno Local aprobando o proxecto de modificación, tamén do día 17.

Dona Cecilia Sierra explica que o punto que se trae hoxe a aprobación é unha modificación orzamentaria que fai referencia ó detrimento da partida de actividades na área de emprego, por un importe de 47000 euros para dotar a actividade do obradoiro de emprego de Santiago-Impulsa por ese mesmo importe.

Este obradoiro de emprego ten dúas liñas de actuación que favorecen a contratación de trinta persoas a través deste programa social de Santiago-Impulsa; en concreto quince persoas estarían destinadas a un obradoiro de carpintería e outras quince a un de creación de páxinas web para axuda a entidades sociais. Neste sentido, o que se presenta é unha

modificación orzamentaria que fai referencia aos materiais necesarios para acometer as propias funcións da carpintería de fabricación dunhas casetas que darían servizo a múltiples actividades para o propio concello.

Con esta iniciativa de Santiago-Impulsa subxace a creación de emprego desas trinta persoas, que están contratadas durante seis meses incluso con cobertura por parte da propia seguridade social. Por outra banda, téntase formar a estas persoas nunha actividade de carpintería, cunha modificación que non afecta en absoluto á estabilidade orzamentaria nin ó plan de axuste, no sentido de que éste mantén todos os seus obxectivos e todos os seus preceptos.

Dona Rosario Valledor indica pola súa banda que a modificación orzamentaria que se somete á aprobación do pleno para a organización das obras do obradoiro de emprego Santiago-Impulsa, obedece unha vez máis á falla de previsión da que fai gala últimamente este goberno municipal.

Nos comezos do mes de agosto saíu publicada a Orde da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecían as bases para os obradoiros de emprego. O seu artigo 16.1 fai referencia á documentación necesaria para elaborar a solicitude do mesmo, e no seu apartado h) esixe que se presente un certificado no que consten as fontes de financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar. Solicitouse o obradoiro, foi concedido, e o Concello, cando menos, tivo coñecemento da súa aprobación no mes de outubro. O comezo do obradoiro foi no mes de decembro, e cando leva transcorrido máis dun mes dende o inicio do mesmo, tráese ao pleno a modificación para poder facer fronte aos compromisos acadados coa Consellería para o desenvolvemento do obradoiro. Isto aparenta unha falla de previsión ou descontrol, posto que se preveu a cantidade necesaria para a dirección facultativa e dirección executiva, e coordinación de seguridade, pero non se preveu pola contra a cantidade precisa para o aluguer de equipos e para a adquisición de material. O seu grupo entende que sexa precisa a modificación orzamentaria, pero tamén aprecia unha falla de previsión evidente, e por tales motivos o seu voto vai ser de abstención.

Dona Cecilia Sierra manifesta a súa sorpresa porque entende que ante este tipo de actuacións o voto tería que ser favorable. O único que se está favorecendo é a inclusión de trinta persoas, que doutro xeito estarían en situación de desemprego, e que por outra parte ademais acceden a procesos de formación que nestes momentos se valoran moito. É verdade que cando se aprobou o orzamento descoñecía-se se se ía recibir ou non esa subvención e o importe global da mesma, de xeito que o documento presupostario obedeceu a unha previsión inicial. En base á aplicación do principio orzamentario de prudencia, ata o momento no que se coñeza realmente se se concede ou non esa subvención e o seu importe exacto, non se pode incluír todo no orzamento, non como facían anteriores grupos de goberno, que sen ter coñecemento previo ou sen ter documentos técnicos que avaliasen estas cuestións, presupostaban moi por riba, o que nos levou á situación orzamentaria de arrastre de financiación afectada que o goberno municipal está intentando corrixir na actualidade, porque dá lugar a distorsións importantes no orzamento.

Dona Rosario Valledor “supón” que terán moito que agradecer estes traballadores que están agora mesmo neste proceso de formación e emprego por pagarlles a Seguridade Social e por ofertarlles un “gran” plan de traballo, e un “gran” contrato cunha “gran” perspectiva, que

son seiscentos euros ao mes. Insiste finalmente en que o obradoiro se solicitou en Agosto, que no mes de outubro o Concello tivo coñecemento de que estaba aprobado, e que agora, no mes de xaneiro é cando se trae a aprobación a modificación orzamentaria.

Rematado o debate, e de conformidade co informe do Sr. Interventor e co ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do día 28 de xaneiro deste ano, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 9 abstencións, dos membros do grupo municipal do PsdeG-PSOE:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación presupostaria número 2013 crédito extraordinario-02, en contía de 47.000 euros, de conformidade co seguinte detalle:

A) Habilitación:

PARTIDA INCREMENTADA	DENOMINACIÓN	CRÉDITO EXTRAORDINARIO
140.24100.60900	Outras inversións emprego. Outras inversións.	47.000

B) Financiación:

PARTIDA MINORADA	DENOMINACIÓN	IMPORTE BAIXA
140.24100.22698	Gastos diversos. Actividades emprego.Actividades	47.000

Segundo: Expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles, mediante anuncio inserido no BOP de A Coruña, de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990 en relación co artigo 169 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O expediente inicialmente aprobado elevarase automaticamente a definitivo se contra o mesmo non se formula reclamación ningunha, procedendo entón á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, e remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

13. DAR CONTA DE DECRETO DE PRÓRROGA DO ORZAMENTO DO ANO 2012 PARA O 2013.

Dase conta ao Pleno da Corporación, da resolución do día 28 de decembro de 2012 da concelleira-delegada de Facenda, Presupostos e Contratación, pola que se prorroga o presuposto de 2012 para o exercicio económico de 2013.

A resolución ten o seguinte contido:

“Finalizado o exercicio económico do 2012, e sen aprobarse o presuposto para 2013, resulta necesaria a prórroga dos créditos iniciais do presuposto vixente, co fin de continuar coa actividade propia desta Administración municipal, como é a prestación dos servizos básicos e actividades precisas á comunidade veciñal e aboamento das nóminas ao persoal municipal, todo iso ata a aprobación definitiva do presuposto para o exercicio económico de 2013.

Visto o informe do Sr. Interventor General Municipal do día da data esixido pola normativa regulador das facendas locais e pola Base 4ª das de Execución dos Presupostos municipais vixentes, e en virtude do previsto no artigo 169.6 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, **DISPOÑO:**

Primeiro. - A prórroga con vixencia dende o 1 de xaneiro do 2013 e ata que se aprrobe o presuposto definitivo para este ano, dos créditos iniciais do Presuposto Xeral Municipal de 2012, cos axustes que se recollen nesta resolución e que comprende o Presuposto municipal, o Presuposto do Organismo Autónomo administrativo Auditorio de Galicia e os Estados de Previsión de Ingresos e Gastos das empresas de capital integramente municipal: INCOLSA e TUSSA.

Quedando o Presuposto Xeral prorrogado do ano 2012 para o ano 2013, unha vez efectuados os axustes, nas seguintes cifras:

Entidad local

Estado de gastos	81.945.833,39 EUROS
Estado de ingresos	92.580.508,43 EUROS

OO.AA. Auditorio de Galicia

Estado de gastos	2.802.185,16 EUROS
Estado de ingresos	2.802.185,16 EUROS

INCOLSA

Gastos	1.378.427,00 EUROS
Ingresos	1.378.427,00 EUROS

TUSSA

Gastos	1.548.405,53 EUROS
Ingresos	1.777.164,98 EUROS

Segundo. - Reducir as previsións iniciais das aplicacións presupostarias do Presuposto de 2011, que se recollen a continuación, nas contías que se especifican. "Axustes á baixos", e créditos que non se prorrogan:

PRESUPUESTO PRORROGADO DO EXERCICIO ECONÓMICO 2012 O ANO 2013

AXUSTES

DOTACIÓNS INICIAIS DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2012 **89.859.788,43**

AXUSTES A BAIXA

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
030-01100-31000	Debeda Publica.Xuros operaciones endebedamento	2.053,00
	TOTAL CAPITULO 3	2.053,00
020.32100.48901	Educac.infantil e primaria. Otras transferencias	14.076,00

O20.32200.48900	Educac.ensino secundario Outras transf.nominativas	6.208,00
O40.34900.48900	O.A. Deportes Transferencias nominativas	106.000,00
O50.33300.48902	Promoc.cultural.Subv.nominativa Fundacion Granell	140.000,00
O50.33400.47900	Id. Subv.nominativa a empresas privadas	11.000,00
O50.3400.48900	Id. Subvenciones nominativas	116.150,00
O90-44100-47900	Transportes Transf.nominativas empresas privadas	247.905,03
110-43100-47900	Transf.corr.apoio activ.comercial P.Urbana Santiago	36.150,00
110-43101-48900	Mercados transferecias nominativas	11.000,00
130-15100-44900	Aport.sociedades mercant.muniip.Disolucion EMUVISSA	136.000,00
140-23200-48000	Muller atencions benéficas e asistenciais	34.000,00
140-23203-48000	Benestar social Atencions Benéficas e asistenciais	362.400,00
	TOTAL CAPITULO 4	1.220.889,03
O60.1620.62300	Amarres sujección contenedores	7.790,00
O60.1550.60900	Reposición vías públicas y aceras	800.000,00
O80.4540.61900	POS 2012	588.520,66
O80.4540.63100	Mantenimiento pistas zona rural	80.000,00
O80.4540.63500	Mobiliario zona rural	23.700,00
O80.1650.62300	Contr.serv.iluminación public.Concello	150.000,00
120-33403-62500	Mobiliario centros socioculturales	30.000,00
130-15100-60901	Mejoras movilidad barrio Vista alegre	150.000,00
O70-92402-62200	Catalizador Belvis	30.019,21
O40-34200-62500	Canastas	20.000,00
O90-13500-62500	Bancos vestuarios	2.000,00
130-15900-60000	Expropiaciones	366.220,55
O90-13300-62300	Punto rojo semáforo	100.000,00
O90-13300-62300	Instalación semafórica	6.000,00
100-92001-62600	Equipos informáticos Hadware	50.000,00
100-92001-64100	Aplicac.informáticas Software	50.000,00
130-93301-68100	SUNP-6	637.224,01
130-93301-68100	SUN25	93.375,55
130-93301-68100	SUP1	50.000,00
O70-17100-60900	Parque Ramirez	250.000,00
130-15100-62300	Fotocopiadora	10.993,00
130-93301-60000	Basquiños	291.501,00
	TOTAL CAPITULO 6	3.787.343,98
130-33601-78000	Casco Histórico Fase 11	118.166,06
130-15900-78000	Ari Vista Alegre Fase 4	71.040,00
130-33601-78000	Casco Histórico Fase 12	475.600,00
130-15900-78000	Ari Pontepedriña fase 2	145.000,00
130-15900-78000	Ari Vista Alegre Fase 5	240.000,00
110-43101-72000	Remodelación mercado de abastos	884.891,80
130-15100-72300	RED.ES	8.354,00
130-15100-74900	Obras Urbanización EMUVISSA	1.087.200,00
080-16100-75000	ETAP TAMBRE	67.646,62
	TOTAL CAPITULO 7	3.097.898,48

030-01100-91300	Debeda Pública. Amortización prestamos	291.034,71
	TOTAL CAPITULO 9	291.034,71
	TOTAL AXUSTES A BAIXA	8.399.219,20

Terceiro. - Realizar "axustes á alza" polas contías e motivos que a continuación se indican e nas aplicacións presupostarias que igualmente se relacionan:

AXUSTES O ALZA

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
030-01100-31000	Debeda Publica.Xuros operaciones endebedamento	175.139,16
	TOTAL CAPITULO 3	175.139,16
030-01100-91300	Debeda Pública. Amortización prestamos	310.125,00
	TOTAL CAPITULO 9	310.125,00
	TOTAL AXUSTES O ALZA	485.264,16

Cuarto.- Prorrogar as Bases do Execución do Presuposto vixente, en canto normas reguladoras directamente relacionadas cos créditos presupostarios e as previsións de ingresos, con excepción da base 30.1, que queda derogada ao resultar afectada por axustes á baixa. Todo iso dado que forman parte do propio presuposto que se prorroga de conformidade co artigo 9 do RD 500/1990, polo que se entenderán igualmente prorrogadas as Bases de Execución do Presuposto do ano 2012, polo que calquera referencia temporal destas ao exercicio 2012 automaticamente debe entenderse realizada sobre o novo exercicio económico do 2013, coa excepción antes indicada.

Quinto.- En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o presuposto definitivo que se aprobe terá os seus efectos dende o 1 de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Sexto.- O presuposto prorrogado estará en vigor ata a publicación da aprobación definitiva do novo presuposto aprobado polo Pleno da Corporación.

Sétimo.- Prorrogado o Presuposto, o réxime de modificacións presupostarias que poden acordarse respecto dos seus créditos será o xeneral do TRLRHL, do RP (Real Decreto 500/90), completado co previsto nas Bases de Execución do Presuposto.

As modificacións e axustes efectuados sobre o Presuposto prorrogado entenderanse feitas sobre o Presuposto definitivo, salvo que o Pleno dispoña outra cousa no propio acordo de aprobación deste último, de tal forma que determinadas modificacións as considera que xa están incluídas nos créditos iniciais do presuposto aprobado, neste caso deberán anularse as modificacións realizadas sobre o presuposto prorrogado.

Oitavo.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que celebre."

14. DAR CONTA DE CONSTITUCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PSDEG-PSOE.

Dase conta ao Pleno da Corporación do escrito asinado polo voceiro do grupo municipal socialista o pasado día 19 de decembro, que contén a organización dese grupo, que queda establecida do seguinte xeito:

Voceiro titular:

Francisco Reyes Santiás.

Voceiras adxuntas:

Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.

Mercedes Rosón Ferreiro.

Voceiros/as suplentes:

Mar Martín García.

Bernardino Rama Seoane.

Gonzalo Muíños Sánchez.

José A. Baqueiro Canabal.

María Gómez Bugallo.

Rosario Valledor Puente.

15. DAR CONTA DE PERSOAMENTOS E SENTENZAS EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.

De conformidade co ditame favorable da Comisión de Urbanismo e Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica, correspondente á súa reunión do día 24 deste mes, dase conta ó Pleno da Corporación das seguintes resolucións xudiciais, en canto afectan a instrumentos urbanísticos ou acordos adoptados polo Pleno Municipal, e incluídos dentro do seu ámbito competencial:

- Sentenza do 29 de novembro de 2012 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario 4620/2011, interposto pola Asociación Cultural de Nais do Paxonal contra o acordo do 29 de setembro de 2011, relativo á ampliación dos usos na parcela dotacional 15 do SUNP-17 (Paxonal).

- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 8 de novembro de 2012, recaída no procedemento ordinario 4756/2007, interposto por Dña. Francisca Javiera Gil de la Peña, contra a aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal.

- Auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 26 de novembro de 2012, mediante o cal se declara terminado o procedemento ordinario 4750/2007, interposto por don Paulo López Porto, contra a aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal.

- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 18 de outubro de 2012, recaída no procedemento ordinario 5415/2003, interposto por M^a Dolores Peleteiro Ramos, contra a aprobación definitiva da Modificación do PXOM para a creación da ordenanza especial OE-4 (Colexio Manuel Peleteiro).

- Acordo de persoamento perante o Tribunal Supremo, Sala do Contencioso Administrativo, nos autos tramitados como recurso de casación contra a sentenza do 18 de outubro de 2012, recaída no procedemento ordinario 5415/2003, interposto por M^a Dolores Peleteiro Ramos,

contra a aprobación definitiva da Modificación do PXOM para a creación da ordenanza especial OE-4 (Colexio Manuel Peleteiro).

16. DAR CONTA DE DIVERSAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE CONCELLEIRA SECRETARIA SUPLENTE SEGUNDA DA XUNTA DE GOBERNO, E SOBRE REMISIÓN DE DOCUMENTACIÓN AO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN 1 DE LUGO, RELATIVA ÁS DILIXENCIAS PREVIAS 972/2011.

Dase conta ao Pleno da Corporación das seguintes resolucións da alcaldía:

* Resolución de 3 de xaneiro de 2013 pola que se nomea a Dona María Castelao Torres concelleira secretaria suplente segunda da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

* Resolución de 7 de xaneiro de 2013 pola que se ordear remitir diversa documentación solicitada polo Xulgado de Primeira Instancia de Lugo relativa ás dilixencias previas 972/2011.

Solicita Don Francisco Reyes que conste en acta que o seu grupo non recibiu copia da documentación enviada ao Xulgado, que pide neste momento. En resposta ao anterior, o Sr. Alcalde ordear que se remita tal documentación aos grupos municipais.

17. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dase conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e as concellerías delegadas entre os días 11 de decembro e 28 de decembro de 2012 (núms. 6623 ao 7057) e dos acordos da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela correspondentes ás seguintes sesións:

- * Sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2012 (número 91).
- * Sesión extraordinaria urxente do día 7 de decembro de 2012 (número 92).
- * Sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2012 (número 93).
- * Sesión extraordinaria urxente do día 17 de decembro de 2012 (número 94).
- * Sesión extraordinaria urxente do día 18 de decembro de 2012 (número 95).
- * Sesión ordinaria do día 20 de decembro de 2012 (número 96).
- * Sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2012 (número 97).

18. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

ROGO.-

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 9 de xaneiro de 2013, número 7.

Solicítase en relación a danos sufridos na varanda de seguridade en Xoán XXIII, que se arranxe coa maior brevidade posible.

PREGUNTAS.-

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 9 de xaneiro de 2013, núm. 8.

En relación á convocatoria do Consello Municipal da Mocidade, formulan as seguintes preguntas, para a súa contestación por escrito:

Cando ten previsto o Sr. Alcalde convocar o Consello Municipal da Mocidade?

Cando teñen previsto poñer en funcionamento a páxina web de mocidade que leva moitos meses pechada e indicando “páxina non dispoñible temporalmente”.

Cando ten pensado o Sr. Concelleiro de Mocidade, Adrián Varela, presentar a programación da concellaría para este primeiro trimestre do ano?

2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 10 de xaneiro de 2013, núm. 10.

En relación á publicación dunha carta ao director no xornal El Correo Gallego, dun empregado da empresa concesionaria da limpeza e conserxería dos pavillóns e colexios na que manifesta non ter cobrado a paga de nadal nin a nómina de decembro, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

Son certas as afirmacións publicadas na mencionada carta ao director?

Se a resposta é afirmativa:

1. A canto ascende a débeda do Concello coa mencionada empresa?

2. Cántas mensualidades se lle deben á empresa?

3. Cales son as razóns que motivan a existencia da mesma?

Está en vigor a relación contractual entre o Concello e a empresa?

De non ser así, cómo se están a tramitar os traballos que efectivamente a empresa está a realizar para o Concello?

3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 22 de xaneiro de 2013, núm. 18.

Pregunta para a súa contestación por escrito:

1.- Canto ten facturado ao Concello a empresa adjudicataria do estudo de “diagnóstico económico-financeiro e análise da situación de xestión e operativa dos diferentes servizos do Concello de Santiago e de éste no seu conxunto”?

2.- Foi presentado no rexistro xeral do Concello o estudo de “diagnóstico económico-financeiro e análise da situación de xestión e operativa dos diferentes servizos do Concello de Santiago e de éste no seu conxunto”?

- Se a resposta é afirmativa, en qué data se presentou?

- Se a resposta é negativa, toda vez que o prego de condicións establecía un prazo máximo de oito meses para a entrega do estudo, qué medidas ten adoptadas o Concello ao respecto?

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

ROGO.-

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 15 de xaneiro de 2013, núm. 14.

Solicítase adoptar medidas de seguridade peonil no lateral da estación de autobuses en Rodríguez de Viguri, onde existe un desnivel importante sen ningún tipo de protección para as persoas que transitan pola devandita beirarrúa.

PREGUNTAS.-

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 14 de xaneiro de 2013, núm. 11.

Ante as informacións aparecidas en medios de comunicación en días pasados de que os conserxes e limpadoras que desenvolven o seu traballo diario en centros públicos de ensino e en pavillóns municipais da nosa cidade de acumular atrasos nas mensualidades e diante da alarma social que pode xurdir deste tema por afectar a varias familias compostelás, o BNG pregunta:

É coñecedor o goberno desta situación?

Cando foi a última vez que se pagaron os servizos prestados á empresa responsábel da limpeza e conserxería dos centros educativos e pavillóns municipais?

Canto diñeiro lle debe o Concello á empresa que está a prestar este servizo?

Por que non se incluíron as facturas que se deben a esta empresa no recoñecemento extraordinario de crédito que se levou ao Pleno municipal?

Con que cobertura contractual está esta empresa prestando estes servizos para o Concello de Santiago?

2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 16 de xaneiro de 2013, núm. 15.

O Goberno municipal de Santiago de Compostela impúxolle unha fianza á plataforma Queremos Galego pola instalación dun palco para a manifestación prevista para o 27 de xaneiro na nosa cidade e, por ese motivo, o grupo municipal nacionalista formula as seguintes preguntas:

Cales son os criterios utilizados para fixar as fianzas na organización de eventos públicos, sociais, políticos e culturais a entidades sen ánimo de lucro?

Ten previsto retirar esa fianza toda vez que se advirte que se trata dunha plataforma cultural sen ánimo de lucro destinada á promoción da lingua galega?

Ten previsto impoñer novas fianzas a eventos sociais, políticos e culturais organizados na nosa cidade?

3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 21 de xaneiro de 2013, núm. 16.

O pasado 10 de xaneiro, segundo relata Roi Vázquez Cabanas, logo de ofrecer un concerto coa banda Narf no pub Modus Vivendi, a Policía local pediulle a identificación na rúa Virxe da Cerca e inmovilizoulle as mans ao fracturarlle tres falanxes nun dedo e unha noutro, segundo a versión do músico, ao que supostamente confundiron con outra persoa. Por este motivo, o grupo municipal do BNG formula as seguintes preguntas:

Ten previsto investigar a actuación da Policía local que tivo como resultado unha agresión ao músico Roi Vázquez Cabanas, tal como recolle o parte de lesións emitido polo Hospital Clínico de Santiago onde se constata fracturas nos dedos das mans?

Ten previsto actuar para depurar as oportunas responsabilidades, se as houber, e que se abran as dilixencias oportunas derivadas desta actuación policial?

Considera o Goberno local que estas actuacións son xustificábeis nun corpo policial que debe estar ao servizo da cidadanía? Vai pedir explicacións aos axentes da Policía local?

4. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 25 de xaneiro de 2013, núm. 27.

En relación á situación do realoxo das veciñas e veciños de San Ignacio de Loyola, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito:

Cal é a situación actual?

Houbo algunha modificación con respecto á forma do realoxo que estaba previsto para estas familias?

Don Gonzalo Muíños pasa a explicar o rogo presentado polo grupo socialista, e di que fai máis de dous meses que tivo lugar un accidente na Avda. de Xoán XXIII, no que un vehículo chocou contra unha varanda de seguridade. Transcorrido un tempo máis que razoable, obsérvase que aínda non se atopa reparada, por iso solicítase que á maior brevidade se arranxe a parte da varanda pública e que se inste ao propietario da parte privada a inmediata reposición da mesma.

Don Juan de la Fuente Fuentes responde que dá a sensación algunhas veces de que o concelleiro socialista se entera moi pouco do que pasa, porque a varanda é toda privada, e este feito impide que o Concello proceda ó arranxo. Notificóuselle o estado do elemento á propiedade e concedéuselle un prazo para acomete-las obras oportunas. Se non o fai, será o Concello quen o faga, por conta do propietario.

Remata o debate deste asunto o Sr. Alcalde que indica que os dous rogos do BNG non deben ser moi importantes, dado que os membros deste grupo non están presentes na sesión.

19. TOMA EN CONSIDERACIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.

1.- Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno o día 24 de xaneiro de 2013, núm. 23.

En defensa do mantemento e financiamento dos servizos sociais municipais, solicítase:

Instar á Xunta de Galicia a que manteña o financiamento dos servizos municipais reforzando o plan concertado e os orzamentos destinados a outros programas de acción social.

2.- Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno o día 24 de xaneiro de 2013, núm. 24.

Solicítase que se inste ao Goberno de España a prorrogar o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa prestación por desemprego, tal e como foi regulado no Real Decreto-Lei 1/2011, polo menos seis meses máis a partir de febreiro de 2013.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

1.- Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno o día 28 de xaneiro de 2013, núm. 28.

A favor dunha xestión ecolóxica sustentable do lixo, solicítase:

1. Manifestar o apoio á tramitación da “proposición de lei para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galiza”, actualmente en tramitación.

2. Solicitar o abandono por parte da Xunta da idea de construír unha nova incineradora de residuos urbanos en Galiza.

3. Solicitar que a Xunta destine os fondos previstos para a incineradora ao financiamento de proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que permitan a creación de emprego nas diferentes localidades e alcanzar os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe das sociedades avanzadas.

4. Solicitar da Xunta de Galiza o financiamento prioritario das actuacións de mellora da recollida selectiva, incluíndo alí onde sexa axeitada a recollida porta a porta, e das actuacións de prevención a través da educación ambiental e a implantación da compostaxe doméstica e comunitaria.

5. Destinar parte do orzamento municipal para Implantar programas de educación ambiental para a redución de residuos e xestionar os residuos orgánicos mediante a compostaxe caseira e comunitaria.

Manifesta o Sr. Alcalde que se vai defender en conxunto a urxencia na toma en consideración das dúas mocións presentadas polo grupo municipal socialista.

Defende Dona Mar Martín a primeira delas, relativa ó mantemento do financiamento dos servizos sociais municipais, e explica que nestes días estanse a debater no Parlamento os orzamentos da Xunta de Galicia, e deles preocupan especialmente dous aspectos que afectan sobremaneira a Santiago.

O primeiro deles é a baixada de recursos para o plan concertado, que nos últimos anos pasou de dezaseis millóns a oito millóns de euros aproximadamente, e o segundo refírese ó convenio asistencial para o mantemento da unidade de atención ao drogodependentes, que pasa de sete millóns no ano 2011, a catro millóns no 2013.

Estes recortes son moi superiores aos que se están a producir en xeral nos orzamentos da Xunta, o que leva a afirmar que se vai cara unha política de desmantelamento dos servizos públicos, e en especial daqueles destinados aos sectores máis desfavorecidos da sociedade, á vez que se vislumbra unha merma na financiación aos Concellos. Estima a concelleira de moita importancia á hora de elaborar os orzamentos ter presente que a financiación vai ser menor, e que serán os propios concellos os que deban agora asumir estes costes, porque a meirande parte dos mesmos serán os custes salariais dos traballadores dos departamento de servizos sociais. Opina a concelleira que a lealdade institucional e os dereitos da cidadanía e as políticas públicas requiren que a Xunta non diminúa estes orzamentos.

A seguir, Dona Rosario Valledor defende a moción do grupo socialista sobre o desemprego, e indica que cando se presentou, o goberno do Estado estaba aínda sen decidir se se modificaba ou non o Plan Prepara. Como nestes momentos a modificación xa foi aprobada polo goberno estatal, procede clarexar o sentido da moción.

Explica que na modificación levada a cabo polo goberno do PP recórtanse unha vez máis os dereitos das persoas en situación de desemprego. Os requisitos para ter acceso ao Plan Prepara, inicialmente no ano 2010, cando foi aprobado polo goberno socialista, varían substancialmente cos recortes feitos no ano 2011, e que agora se prorrogan, cando se fan responsables ás familias dos fillos maiores de vinte e seis anos, de xeito que resulta que os pais son responsables dos seus fillos, pero non os fillos dos seus pais. Varíase o concepto de unidade familiar, co cal estamos obrigando a que os nosos mozos teñan que retornar ao fogar familiar, porque non teñen a consideración de unidade única, de xeito que se está a impedir que se poidan emancipar.

Por outro lado, a obriga de ter unha antigüidade mínima no ano contribúe a desincentivar a búsqueda de emprego, e penalízanse máis se cabe os traballos de carácter temporal, pois se se traballa pérdese a antigüidade, e en consecuencia pérdese o dereito á subvención do Plan Prepara. As persoas que están nunha situación de desemprego de curta duración tamén teñen cargas familiares, e os recortes tamén se cebaron neste colectivo.

As medidas de acompañamento propostas inicialmente, no ano 2010, son de casi imposible cumprimento. Só en Santiago de Compostela, as oficinas de emprego teñen hoxe dezasete traballadores menos que no ano 2010, sete orientadores laborais menos, e dez promotores de emprego menos, e difícilmente se poderán levar a cabo as medidas de mellora da empregabilidade das persoas que non teñen traballo se se reducen deste xeito os cadros de persoal das oficinas de emprego, tendo en conta ademais que os programas da Xunta de Galicia para as entidades colaboradoras do servizo público de emprego están desaparecidas a data de hoxe.

Resulta escandaloso que se reduzan cada ano os orzamentos para as políticas activas de emprego, pero que se reduzan as prestacións por desemprego nun momento no que a taxa de cobertura por desemprego é só do 58%, é absolutamente inmoral e mezquino.

Finalmente indica a concelleira que cando o goberno socialista aprobou este plan no ano 2010, a taxa de cobertura por desemprego era do 71,1% e o paro do 20,33, e lembra a concelleira que hoxe o paro é do 26%.

Rematado o debate, sométese a votación a urxencia na toma en consideración das mocións presentadas polo grupo socialista, que é rexeitada co resultado de 9 votos a favor dos membros do grupo municipal PSdeG-PSOE, e 13 en contra dos membros do grupo municipal popular.

Manifesta o Sr. Alcalde que existe unha moción do BNG a favor dunha xestión ecolóxica sustentable do lixo, que decae por non estar presentes os/as concelleiros/as do grupo.

20. RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRA DE DONA PAULA PRADO DEL RÍO.

Dou conta do escrito presentado no rexistro xeral do Concello pola concelleira Dona Paula Prado del Río o pasado día 28 de xaneiro, co número de asento 4955, polo que renuncia á súa condición de concelleira en virtude do que dispón o artigo 9.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

O escrito é do seguinte teor literal:

“Doña Paula Prado del Río, con DNI 33289387-S, concejal electa del Excmo Ayuntamiento de Santiago de Compostela

EXPONE

Que por medio del presente escrito comunica su renuncia al acta de concejal en el Concello de Santiago de Compostela, provincia de A Coruña, así como a las obligaciones derivadas de dicha condición.

SOLICITA

La puesta en conocimiento del Pleno de dicha renuncia y el cumplimiento de los trámites que sean necesarios ante la Junta Electoral Central a los efectos oportunos.”

Intervén en primeiro lugar Dona Paula Prado del Río, que di que nas últimas semanas entrenou aínda máis a prudencia no dicir, no contestar, ou replicar e grazas a iso cre que hoxe goza dunha boa saúde política, que non quere modificar.

Di que ao preparar estas notas de despedida lembrou o título dunha antoloxía do actual premio Cervantes, Caballero Bonald, “somos el tiempo que nos queda”, pois de feito somos o tempo que nos queda por diante, pero tamén somos o tempo que nos queda na memoria, e na memoria quedan seis anos de actividade política nesta casa, antecedidos doutros moitos de compromiso político sen respaldo de cargo algún, anos que dan para un libro.

Nesa memoria agradecida permanece o recordo das persoas sen as cales difícilmente se tivera aventurado, en dúas etapas sucesivas pero distintas, na política municipal.

Fai un anos, algunhas persoas dixeron recoñecer nela algúns valores e animárona a dar o paso que leva das rúas de Santiago a este Pazo de Raxoi. E agora, na despedida, recoñece que aquel foi un paso privilexiado, e especialmente para unha compostelana de nacemento e vocación. É evidente que Santiago de Compostela é unha cidade aberta a todo o mundo, unha cidade que non esixe partidas de nacemento para ser integrante desta corporación, para representar e interpretar os intereses da cidade e das súas xentes. Pódese ser natural de Santiago ou ter chegado a unha madurez, pero para unha nena compostelana que nos setenta vía a cidade camiño do colexio das Orfas, que a mediados dos oitenta a vía camiño do Instituto Rosalía de Castro, que nos noventa a vía camiño do Campus Universitario, e que dende finais do século XX a veu dende os seus itinerarios profesionais, é especialmente importante sentir dende este Pazo e esta praza esa mesma cidade, cidade natal e vital, familiar e profesional.

Na súa memoria agradecida figuran destacada e sentidamente as usuarias e usuarios dos servizos sociais municipais, aos que procurou atender durante estes últimos dezaioito meses, e gracias a eles reafirmouse na idea de que o poder non debe de ser un instrumento para satisfacer o ego de quen o exerce, senón que debe de ser o instrumento para remover inxustizas e para satisfacer as naturais expectativas das persoas.

Fíxose cargo dunha área municipal complexa, pero moi enriquecedora, a relativa á causa da muller e da política social, e quixo afianzar esas causas no compromiso ético e ideolóxico do Partido Popular, porque é na defensa desas causas onde a actividade política se pode ennoblecer.

Pola súa actividade profesional previa como asesora xurídica de diversos centros de información á muller en concellos do Bloque Nacionalista Galego, comezou a descubrir a cara oscura do noso mundo, e durante estes dezaioito meses ao fronte dos servizos sociais, recorreu os espazos da cidade nos que apenas luce o sol, ocupada en atender aos chavales tentados polo alcohol, ocupada en atender ás persoas sen fogar, á nai separada con dous fillos e ameazada por un desahucio, as viúvas que viven con cincocentos euros ao mes, ou á moza brutalmente golpeada pola súa parella; e ocupada en tales dramas recibiu leccións de vida e dignidade, e aprendeu a ser extremadamente responsable no manexo do escaso diñeiro público.

E agradece tamén o exemplo das voluntarias e voluntarios das asociacións e o compromiso dos traballadores e traballadoras de servizos sociais, ó igual que ás concellerías e concelleiros do grupo municipal socialista e do bloque nacionalista galego, cos cales forxou o seu carácter, e cos que descubriu, sobre de todo nestas últimas semanas, unha consideración que lles agradece. É posible que nalgún momento, sobre todo na anterior lexislatura, teña sido dura, e sínteo, pero di que tiña que cumprir coas esixencias do guión.

Somos o tempo que nos queda na memoria, e na súa memoria haberá un espazo para os seus compañeiros e compañeiras do grupo popular, concelleiros/as e persoal de apoio, para os que integraron a anterior corporación e para os actuais. Todos eles favoreceron, cada ún da súa maneira, que a sra. Prado sexa vista pola dirección do Partido Popular de Galicia como unha persoa responsable, e como unha persoa á que se poden confiar delicadas funcións.

Tamén ten un espazo na súa memoria para os xornalistas de carne e óso. Eles, que poñen sinatura, voz ou rostro ás noticias, merecen o seu recoñecemento, que estende aos compañeiros e compañeiras que estiveron e xa non están.

E insistido na idea de que somos o tempo que nos queda na memoria, di que é inevitable recoñecer que tamén somos o tempo que nos queda por diante, cada ún de nós é o tempo que lle queda, pero máis alá do curto prazo ningún horizonte seguro podemos vislumbrar.

E confesa que ao deixar este escenario municipal sinte certa melancolía, aínda que a melancolía da marcha é menor que a honra e o estímulo de ter sido recoñecida como a persoa axeitada para unha responsabilidade nova e tan delicada.

Síntese honrada ao terse visto avalada pola sinatura recta, nítida, solvente e perdurable das persoas que a propuxeron para esta nova función, aínda que non esqueceá, como apuntaba con anterioridade, que o seu carácter forxouse no Concello.

Fala a seguir Don Francisco Reyes, que en referencia a Paulo Coelho di que quen ten a costume de viaxar, sabe que sempre é necesario partir algún día. A sra. Prado, a pesar de ser nova, xa ten navegado o seu polo interesante e a veces proceloso mar da política, e xa chegou a algúns portos e emprendeu algunhas viaxes.

No caso do noso concello, pódese dicir que dona Paula Prado nin chegou nin marcha en silencio. As súas intervencións nos plenos, tanto dende a súa experiencia na oposición como dende o goberno, non deixaron a ninguén indiferente. Uns coincidirían con Tito Plauto, cando dixo: “a coraxe atopa facilmente a súa elocuencia” e outros con Carlos Siller cando di: “que a palabra ten moito de aritmética, divide cando se emprega como navalla para ferir, resta cando se emprega con lixeireza para censurar, suma cando se emprega para dialogar, e multiplica cando se da con xenerosidade para server”.

Na súa experiencia, ten que recoñecer que en todas as mocións, proposicións e o rogo que ten presentado e defendido ate o de agora neste pleno, a única ocasión que tivo de acadar un consenso foi coa Sra. Prado.

A súa marcha, anunciada cada pouco nos últimos meses, xenerou un suspense que encheu de anécdotas a microhistoria do noso grupo humano, e mesmo un xornal da nosa cidade amosou a disposición dos membros do seu grupo e dos da oposición como se fora a trama

dunha novela de intriga. E ben certo o que di Caspeni, que a cooperación amosa calidade do liderazgo.

Agora que a Señora Prado vai ter adicación exclusiva no Parlamento de Galicia, e que non vai haber cruce de responsabilidades co Concello, de seguro que votará sempre a favor daquelas propostas en positivo para a nosa Compostela, aínda que as propostas xurdan da oposición.

Por último, deséxalle o mellor no plano persoal, e pídelle que sume e multiplique coas súas verbas no Parlamento, que non esqueza a Santiago, e que lembre sempre que nestas bancadas deixou rivais, pero nunca inimigos.

Remata o concelleiro dicindo que de seguro que nestes momentos a sra. Prado coincide con Gay Lussac cando dixo “é unha mágoa marchar, isto comeza a poñerse divertido”.

Intervén agora Dona María Castelao, que sinala que o certo é que Paula Prado deixa o Concello, e o deixa porque foi chamada polo Presidente e Secretario Xeral do Partido Popular, e é un orgullo que unha compostelana compañeira de toda a corporación fora chamada a asumir unha responsabilidade tan alta no primeiro partido do sistema político galego.

Deixa a Corporación unha magnífica concelleira de servizos sociais, pois en tan só dezaoito meses foi quen de cumprir máis do 70% do programa proposto polo actual equipo de goberno, nun departamento tan sensible, e axustando os poucos recursos cos que se conta. E o que aínda resulta máis esclarecedor da xestión dos servizos sociais municipais durante o tempo en que Paula Prado tivo a oportunidade de estar ao fronte dos mesmos, é que non suscitou maior crítica por parte da oposición, e iso que falamos dunha oposición de esquerdas, sempre atenta a estas cuestións.

Deixa a corporación unha prudente portavoz do goberno, pois non se atopará nas hemerotecas ou nas fonotecas ningunha soa declaración que puidera comprometer a imaxe deste goberno municipal.

Deixa Paula Prado a Corporación para asumir unha importante función no primeiro partido político de Galicia, e o seu nomeamento é o produto dunha traxectoria caracterizada polo seu sentido da responsabilidade, unha traxectoria política de máis de quince anos.

Prosegue o seu diserto a Sra. Castelao indicando que cando falamos de Paula Prado facémolo dunha persoa cunha longa traxectoria no entendemento do que a política debe ser. Van moitos anos dende que Paula se achegou ao mundo da política organizada, e que ocasionou que con posterioridade chegase a este Concello de Santiago, e pensa que paga a pena contar unha anécdota que ilustre o seu achegamento.

Relata así a concelleira que a mediados ou finais dos anos 90, máis ou menos polo 97-98, Paula Prado decide asistir a unha cea organizada polo Partido Popular de Santiago, e a señora Morandeira, hoxe asesora do Alcalde e do grupo municipal, traballadora deste concello dende fai tantos anos, ao ver que Paula se atopaba un tanto descolocada, suxírelle que comparta mesa con dous activos militantes daquela época, que lle explican en que consiste a vida dun partido político. Seica ún deles vai anotando no mantel de papel

conceptos e nomes propios da ciencia política, da socioloxía, psicoloxía social e mesmo da literatura, e xunto aos nomes de Fraga, Romay e Cuiña aparecen nomes como o de Giovanni Sartori, Shakespeare, ... Hai quen di que para ilustrarlle o que era aquel partido, os seus interlocutores lle debuxaron no mantel ata boinas e birretes, xa que falabamos dos anos 90, pero finalmente ún dos seus interlocutores díxolle irónicamente: “tú tienes un buen perfil, si sigues nuestros consejos puedes tener la seguridad de que no llegarás a nada”, e afortunadamente Paula Prado, que ten criterio propio e é muller prudente, non seguiu todos os consellos que lle deron, mesmo nestes anos chamou a atención de moita xente polas súas boas actitudes e aptitudes, e hoxe, quince anos máis tarde, é chamada para desenvolver unha importante responsabilidade que de seguro fará ben, coma sempre.

Finalmente, a Sra. Castelao asegura que non é necesario ser licenciado en xeografía para saber que a terra é redonda e non é plana, pois se fose plana, ao coller Dona Paula Prado un camiño diferente ao do resto do grupo, podería ser que non se volveran atopar, pero sendo a terra redonda, son moitas as posibilidades de volver a coincidir, non sabe se dobrando o Cabo de Buenaesperanza, ou mesmamente no semáforo da Senra. Todo o grupo popular deséxalle que como voceira do Partido Popular de Galicia teña moita sorte, na seguridade de que dende o Parlamento velará, como compostelana que é e do que presumía no seu discurso, polos intereses da nosa cidade.

Intervén agora o Sr. Alcalde, que fai súas as palabras de Dona María Castelao, porque expresan tamén o sentir do grupo municipal popular. Agradece a Paula Prado estes dezanove meses de goberno na cidade de Compostela, ao fronte dunha concellaría que non é fácil, a concellaría de familia, benestar social e emprego, na que desenvolveu un traballo serio e responsable, firme nalgunhas decisións non doadas, e quere destacar precisamente o compromiso e a firmeza en abordar con seriedade o problema do consumo do alcohol nos xoves, especialmente nos menores de idade.

Tamén lle agradece o papel serio e responsable como portavoz, non somentes aquí no Pleno, senón tamén da Xunta de Goberno, e os catro anos, de 2007-2011, nos que o grupo popular traballou na oposición no Concello de Santiago, anos de traballo duro, de moito esforzo e compromiso. Fai poucos meses o sr. Currás lle dicía ao señor Bugallo aquí que esperaba del que defendera os intereses de Compostela no Parlamento de Galicia, o que non hai que insistir no caso da Sra. Prado, pois leva defendendo os intereses de Compostela durante anos no Hórreo, e de seguro que seguirá a defender exactamente os mesmos intereses sen necesidade de que a corporación llo pida, porque é coñecedora de primeira mán das necesidades e das inquietudes da nosa cidade. Tamén agradece o Sr. Currás o traballo da Sra. Prado como compañeiro de grupo político, co convencemento de que o papel que vai desempeñar nas súas responsabilidades tanto de portavoz do partido como no Parlamento de Galicia, vai ser importante.

O Pleno da Corporación queda enterado da renuncia de Dona Paula Prado del Ríu á súa condición de concelleira do Excmo. Concello de Santiago de Compostela con data de efectos do 1 de febreiro de 2013.

Remata a sesión ás 19 horas e 35 minutos. Dou fe.